

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN  
DA OBRA .....(EXPEDIENTE .....)**

**PORTADA**

**CONTRATO DE OBRA ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA**

TRAMITACIÓN:  ORDINARIA       URXENTE

ANTICIPADO DE GASTO:     SI     NON

**CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO, A EMPRESAS DE  
INSERCIÓN LABORAL OU LICITADO NO MARCO DUN PLAN DE EMPREGO PROTEXIDO:**

SI     NON

**DESCRIPCIÓN DO CONTRATO: OBRA ( EDIFICACIÓN ).....**

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

DEPARTAMENTO OU SERVIZO:

**TIPIFICACIÓN DO CONTRATO**

A presente contratación tipifícase como contrato de obra de carácter administrativo,  
non suxeito a regulación harmonizada.

**OBXECTO DO CONTRATO: OBRA .....**

- CPV (Vocabulario común de contratos)

.....

- CPA (Clasificación de produtos por actividades)

Nomenclatura principal

Nomenclatura complementaria (se procede)

.....

Número expediente: .....

Necesidades administrativas que hai que satisfacer e idoneidade do obxecto e contido do  
contrato para satisfacelas (cláusula 2.3)

.....

Para consultas relacionadas co expediente:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Perfil do contratante situado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia:  
[www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)

Para consultas relacionadas co Sistema de Licitación Electrónica (SILEX):

Teléfono: 981 541300

Correo electrónico: [cau@cixtec.es](mailto:cau@cixtec.es)

## **CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**

### **A. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (cláusula 3.1)**

#### A.1. Orzamento de licitación:

<b>Importe IVE excluído:</b> ..... €
<b>IVE:</b> ..... €
<b>Total:</b> ..... €

#### Desagregación:

A desagregación do orzamento do contrato aparece detallada no proxecto de obras denominado ....

#### A.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Orzamento de licitación (sen IVE): ..... €
Modificacións previstas: ..... €
Outras opcións contractuais: ..... €
<b>Valor estimado:</b> ..... €

### **B. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES**

#### B.1. Consignación orzamentaria:

.....
-------

#### B.2. Distribución por anualidades:

EXERCICIO	ORZAMENTO	IVE	TOTAL	FINANCIAMENTO

#### B.3. Financiamento con fondos europeos:

Indicar fondo e regulamento:

- FEDER: Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006.

- ■ FSE: Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006 do Consello.
- ■ FEADER: Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello.
- ■ FEMP: Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) núm. 2328/2003, (CE) núm. 861/2006, (CE) núm. 1198/2006 e (CE) núm. 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) núm. 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- ■ FEDER-CTE: Regulamento (UE) núm. 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións específicas relativas ao apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao obxectivo de cooperación territorial europea.
- ■ Mecanismo de Recuperación e Resiliencia- Next Generation UE: Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- ■ Outro fondo europeo: *(indicar denominación do fondo e normativa reguladora)*.....

PROGRAMA OPERATIVO: .....

% COFINANCIAMENTO COMUNITARIO: .....

EIXE PRIORITARIO: .....

OBXECTIVO TEMÁTICO: .....

PRIORIDADE DE INVESTIMENTO: .....

OBXECTIVO ESPECÍFICO: .....

CATEGORÍAS DE INTERVENCIÓN: .....

ACTUACIÓN/OPERACIÓN: .....(En FEDER e FSE, consignar o código de actuación do documento "Criterios e procedementos de selección de operacións" (CPSO) á que se imputa a operación na cal se enmarca o contrato. Así mesmo, incluírase o título da operación á que se imputa o contrato.)

PARA FINANCIAMENTO CON FONDOS MRR INDICAR:

Política panca:

Compoñente:

- Medida:
- Contribución á transición ecolóxica:
- Contribución á transición dixital:
- Subproxecto:
  - Nome:
  - Descrición:
  - Localizador:
  - Fitos/obxectivos críticos:
    - Período de cumprimento:
  - Fitos/obxectivos non críticos:
    - Período de cumprimento:
- Liña de acción:
  - Actuación:
  - Actividade:
  - Tarefa:

**C. DURACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE EXECUCIÓN** (cláusula 2.5 [a teor do artigo 29 LCSP])

- Prazo de duración do contrato: .....
- Prazos de execución parcial: .....

**D. PRAZO DE GARANTÍA** (cláusula 10.2)

.....

**E. SOLVENCIA E HABILITACIÓN** (cláusula 5)

E.1. CLASIFICACIÓN DOS CONTRATISTAS (OBRIGATORIA nos contratos de obras cun valor estimado igual ou superior a 500.000,00 € a teor do artigo 77 LCSP)

Grupo	Subgrupo	Categoría

E.2. CRITERIOS E MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (artigo 87 LCSP)

E.2.1. Criterios esixidos para a acreditación da solvencia económica e financeira:

E.2.2. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira:

### E.3. CRITERIOS E MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA (artigo 88 da LCSP)

E.3.1. Criterios esixidos para a acreditación da solvencia técnica:

E.3.2. Medios de acreditación da solvencia técnica:

### E.4. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA DE EMPRESARIOS NON ESPAÑOIS DE ESTADOS MEMBROS DA UE (artigo 78.1 da LCSP)

Son os mesmos que os dos empresarios españois.

### E.5. CONCRECIÓN DAS CONDICIÓNS DE SOLVENCIA

Ademais da solvencia indicada, esíxese a adscrición á execución do contrato, como mínimo, dos medios persoais e/ou materiais seguintes:

- Especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación (artigo 76.1 LCSP).

- Compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais indicados (artigo 76.2 LCSP).

Ademais da clasificación obrigatoria, e de conformidade co artigo 76 da LCSP, o licitador deberá presentar un compromiso de adscrición á execución do contrato dos seguintes medios persoais segundo o modelo recollido no anexo II (que se presentará no arquivo electrónico ou sobre A).

Considerarase solvente ao licitador que se comprometa a achegar para a execución desta obra o seguinte persoal:

....

A Administración, por resolución motivada e por instancia da dirección facultativa, poderá esixir, en calquera momento, o cambio de facultativo e do persoal adscrito ao contrato.

Este compromiso terá o carácter de obriga esencial do contrato para os efectos previstos no artigo 211.1.f).

**F. FÓRMULAS POLINÓMICAS PARA EFECTOS DE REVISIÓN DE PREZOS** (cláusula 3.2)

Deberá expresarse a fórmula aplicable ou, en caso contrario, expresar que non procede de conformidade co artigo 103 da LCSP.

**G. GARANTÍAS** (cláusulas 7.6 e 6.3)

G.1. GARANTÍA PROVISIONAL: (máximo 3 % do orzamento de licitación, IVE excluído, a teor do artigo 106 LCSP)

SI/NON

G.2. GARANTÍA DEFINITIVA: (5 % do orzamento de licitación, IVE excluído)

Forma de prestar a garantía:

En calquera das formas reguladas no artigo 108 LCSP.

Acreditación da constitución da garantía mediante medios electrónicos:

Só para avais de entidades ou sociedades de garantía recíproca que subscribisen en convenio coa Xunta de Galicia (Orde do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos).

**G.3. GARANTÍA COMPLEMENTARIA**

Esixírase nos termos establecidos na cláusula 7.6 deste prego.

**H. H.1. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS** (cláusula 6.2)

As proposicións presentaranse, segundo o disposto na cláusula 6.2 do presente prego, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), ao que se accede dende o portal [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex).

A data e hora límite para a presentación de proposicións serán as sinaladas no anuncio de licitación publicado no perfil do contratante.

## H.2. LOTES

División en lotes: (SI/NON)

N.º máximo de lotes aos que se poden presentar os licitadores:

N.º máximo de lotes dos que se pode resultar adxudicatario:

## I. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES (cláusula 2.2)

XXXX

## J.1. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN POR FASES

SI/NON

Limiars de puntuación:

## J.2. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS (artigo 147 da LCSP)

## K.1. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO (artigo 202 da LCSP)

Constitúen condicións especiais de execución deste contrato as seguintes:

Terá carácter de infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP o incumprimento das seguintes condicións especiais de execución:

## K.2. OBRIGAS ESENCIAIS DO CONTRATO

Terán carácter de obrigación esencial para os efectos previstos no artigo 211.1.f) da LCSP as seguintes:

## K.3. OUTRAS OBRIGAS APLICABLES A CONTRATOS CON FINANCIAMENTO DE FONDOS EUROPEOS

### 1. Obrigas relativas á comunicación do financiamento público do proxecto:

- As accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao fondo europeo que financia a actuación.
- Nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible.
- Informar a través da páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.
- Exhibir de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuada que indique "*financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*", xunto ao logo do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante PRTR) dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>, en particular cando promovan accións e os seus resultados, facilitarán información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.
- Outros:

### 2. Outras obrigas específicas:

- Outros:

**L. IMPORTE MÁXIMO GASTOS DO CONTRATISTA** (cláusula 9.6)

Os gastos do contratista serán os previstos na cláusula 9.6 deste prego.

**M. PROGRAMA DE TRABALLO EN CONTRATOS DE OBRA** (cláusula 9.3)

SI. Prazo de presentación para a súa aprobación: 15 días dende a formalización do contrato.

**N. PAGAMENTO DO PREZO** (artigo 198 da LCSP)

Pagamento do prezo: por prezos unitarios, segundo o indicado no proxecto e no prego de cláusulas administrativas.

Órgano con competencias en materia de contabilidade pública: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Órgano de contratación:

Destinatario:

**Ñ. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN** (cláusula 9.12 [a teor dos artigos 214 e 215 da LCSP e 29.3.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro])**Ñ.1. CESIÓN DO CONTRATO**

Permítese cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 214.2 da LCSP.

**Ñ.2. SUBCONTRATACIÓN** (artigo 215 LCSP)

Permítese nas condicións seguintes:

- Esíxese a presentación dunha declaración sobre a parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar nos termos do artigo 215.2 a) da LCSP.

Si  Non

- Esíxese solicitar as declaracións de capacidade dos subcontratistas con mención expresa da aptitude deste para executar a parte da prestación contratada por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia (artigo 215 da LCSP).

- Limite máximo da subcontratación (prestacións que deben ser executadas directamente polo adxudicatario): non se establece.

**O. PENALIDADES ESPECÍFICAS PARA ESTE CONTRATO NON INCLUÍDAS NO ARTIGO 192 DA LCSP (cláusula 9.14)**

Penalidade	Porcentaxe
1. Por incumprimento do prazo total e/ou o calendario do programa de traballo.	.... %
2. Por incumprimento das condicións especiais de execución.	.... %
3. Por cumprimento defectuoso.	.... %
4. Por incumprimento parcial do contrato.	.... %
5. Penalidades específicas adicionais para contratos financiados con cargo ao PRTR:	... %
<input type="checkbox"/> Por incumprimento dos fitos e obxectivos do PRTR aos que se vincula a execución do contrato.	... %
<input type="checkbox"/> Outros.	... %
	... %

**P. MODIFICACIÓN DO CONTRATO (cláusula 9.11)**

Conforme o sinalado na cláusula 9.11 do prego de cláusulas administrativas, o contrato poderá modificarse co obxectivo de cumprir aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, nos seguintes supostos:

- Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas.
- Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato.

Prazo máximo de ampliación: XXX

**Q. SUBROGACIÓN**

NON

**R. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA (plataforma Notific@)**

SI

## CADRO DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

### A. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, por orde decrecente de importancia conforme a seguinte ponderación, son:

A.1. Criterios avaliados mediante xuízos de valor: representará o 50 % do total da puntuación.

A.2. Criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas matemáticas: representará o 50 % do total da puntuación.

<b>A.1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (P<sub>T</sub>)</b>	<b>ata 100 puntos</b>
<b>Se no arquivo electrónico B figurase documentación ou información correspondente ao contido do arquivo electrónico C, o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 139.2 da LCSP.</b>	

<b>A.2. CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA</b>	<b>Ata 100 puntos</b>
<p><b>A.2.A. Proposición económica (P<sub>E</sub>)</b></p> <p>En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse entre 0 e 100 puntos de acordo cos criterios que de seguido se indican:</p> $P_E = 97 + 3 * \frac{B_i - (0,8 * B_e)}{0,2 * B_e} \quad \text{para } 0,80 * B_e < B_i \leq B_e$ $P_E = 90 + 7 * \frac{B_i - (0,55 * B_e)}{0,25 * B_e} \quad \text{para } 0,55 * B_e < B_i \leq 0,80 * B_e$ $P_E = 90 * \frac{B_i}{(0,55 * B_e)} \quad \text{para } 0 < B_i \leq 0,55 * B_e$ <p>Sendo:</p> <p>P<sub>E</sub>= Puntuación económica, ata 100 puntos.</p> <p>B<sub>i</sub>= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).</p> <p>B<sub>e</sub>= Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas, que quedan excluídas da clasificación de acordo co artigo 149 da LCSP.</p> <p>Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, considerarase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha B<sub>i</sub> que:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Exceda a "Baixa de temeridade" B<sub>T</sub>, no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa igual ou superior a oito (8).</li> </ol> <p style="text-align: center;">Presunción de temeridade: B<sub>i</sub> &gt; B<sub>T</sub>      se n ≥ 8</p> <p>Para establecer o valor da "Baixa de temeridade" B<sub>T</sub>, teranse en conta tres valores, de conformidade coas regras establecidas a continuación para o seu cálculo:</p> <p><b>PRIMEIRO VALOR (B<sub>Tmedio</sub>)</b></p>	<p><b>Ata XX puntos</b></p>

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$$B_{T\text{medio}} = B_r + K * \sigma'$$

Sendo:

$B_r$  = Baixa de referencia, calculada como:

$B_r$  = Mínimo [ $B_m$ ,  $B'_m$ ]

$B_m$  = Baixa media calculada

$B_i$  = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre do orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$N$  = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$\Sigma$  = Desviación típica calculada.

$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

$B'_m$  = Media aritmética das baixas das ofertas que cumpran a condición seguinte

$$(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$$

$\sigma'$  = Desviación típica das baixas das ofertas que cumpren a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'_m$ , calculada:

$$\sigma' = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^{n'} (B_i - B'_m)^2}{n'}}$$

$n'$  = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C que cumpren a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'_m$ ,

K (factor de temeridade) =

**SEGUNDO VALOR ( $B_{Tmin}$ )**

$B_{Tmin}$  = Será o valor da baixa que se sitúe na posición "MIN +1" de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, ordenadas de maior a menor valor da baixa ofertada.

$$MIN = \frac{n}{N}$$

Esta división redondearase ao valor enteiro máis próximo (sen ningún decimal) de forma que sexa un número natural.

N = 2,5

**TERCEIRO VALOR ( $B_{Tmax}$ )**

$B_{Tmax}$  = Será o valor da baixa que se sitúe na posición "MAX +1" de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, ordenadas de maior a menor valor da baixa ofertada.

$$MAX = \frac{n}{M}$$

Esta división redondearase ao valor enteiro máis próximo (sen ningún decimal) de forma que sexa un número natural.

M = 11

**DETERMINACIÓN DA "BAIXA DE TEMERIDADE"  $B_T$  COS TRES VALORES CALCULADOS**

A "baixa de temeridade"  $B_T$  determinarase en función das seguintes regras:

Se  $B_{Tmedio} \leq B_{Tmin}$  , entón  $B_T = B_{Tmin}$

Se  $B_{Tmin} < B_{Tmedio} \leq B_{Tmax}$  , entón  $B_T = B_{Tmed}$

Se  $B_{Tmedio} > B_{Tmax}$  , entón  $B_T = B_{Tmax}$

2. Exceda en catro (4) ou máis unidades ao valor da "baixa de referencia"  $B_r$ , no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no arquivo electrónico C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa inferior a oito (8).

Presunción de temeridade:  $B_i > B_r + 4$  se  $n < 8$

Para calcular a baixa de referencia, seguirase as instrucións especificadas no punto anterior.

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de xeito individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de comercio, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTE de que formen parte.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, conforme o establecido nos parágrafos anteriores, deberá darse audiencia ao licitador que a presentase para que, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a comunicación, xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definise a anormalidade da oferta, mediante a presentación da información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos. Concretamente, a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou os custos dela e, en particular, no que se refire aos valores recollidos no artigo 149.4 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no artigo 149.4 da LCSP, estimase que a información recadada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta. Así mesmo, resultará excluído da citada clasificación o licitador que non contestase ao requirimento da información xustificativa solicitada.

<b>A.2.B. Outros criterios avaliados de forma automática</b>	<b>Ata      XX</b> <b>puntos</b>

PUNTUACIÓN FINAL

## **B. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que debe presentarse é a seguinte (indícase tamén o arquivo electrónico en que debe incluírse):

### **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR**

Documentación "Arquivo electrónico B"

### **CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA**

Documentación "Arquivo electrónico C"

## **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA ..... (EXPEDIENTE .....**)

### ÍNDICE

#### 1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1.4. RÉXIME DAS NOTIFICACIÓNS NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

1.5. RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.6. XURISDICIÓN COMPETENTE

#### 2. ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1. OBXECTO DO CONTRATO

2.2. VARIANTES

2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE HAI QUE SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS

2.4. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, REFERENCIA DO EXPEDIENTE, UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA E PERFIL DO CONTRATANTE

2.5. DURACIÓN DO CONTRATO

#### 3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO E REVISIÓN DE PREZOS

3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO

3.2. REVISIÓN DE PREZOS

3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO

### 3.4. GARANTÍA PROVISIONAL

## 4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

### 4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

### 4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS

## 5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN E HABILITACIÓN

## 6. LICITACIÓN

### 6.1. DOCUMENTACIÓN

### 6.2. FORMA DE PRESENTACIÓN: SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

### 6.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARQUIVO ELECTRÓNICO A)

### 6.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (ARQUIVO ELECTRÓNICO B)

### 6.5. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO C)

## 7. ADXUDICACIÓN

### 7.1. MESA DE CONTRATACIÓN

### 7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARQUIVO ELECTRÓNICO A)

### 7.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (ARQUIVO ELECTRÓNICO B)

### 7.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO C)

### 7.5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

### 7.6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

## 8. FORMALIZACIÓN CONTRATO: PRAZO E CONTIDO

## 9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 9.1. FORMA DE EXECUCIÓN

### 9.2. COMPROBACIÓN DE REPLANTEO

### 9.3. PROGRAMA DE TRABALLO

### 9.4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS

### 9.5. ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS

### 9.6. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

### 9.7. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 9.8. RISCO E VENTURA

### 9.9. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO

### 9.10. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

### 9.11. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

### 9.12. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO CONTRATO

### 9.13. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

### 9.14. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO E PENALIDADES

## 10. EXTINCIÓN DO CONTRATO

### 10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

### 10.2. GARANTÍA DA OBRA REALIZADA

### 10.3. CONSERVACIÓN DAS OBRAS

### 10.4. DESPEXE FINAL DAS OBRAS

### 10.5. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

10.6. RESPONSABILIDADE POSTERIOR DO CONTRATISTA

10.7. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

11. RÉXIME DE CONTROL

## **ANEXOS**

**Anexo I.** Declaración complementaria ao DEUC

**Anexo II.** Concreción das condicións de solvencia (arquivo electrónico A)

**Anexo III.** Modelo de proposición relativa a criterios avaliábeis de forma automática (arquivo electrónico C)

**Anexo IV.** Modelo de declaración responsable sobre a inscrición en rexistros de licitadores e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados

**Anexo V.** Datos para a facturación electrónica

**Anexo VI.** Modelo de relación con indicación da prioridade de lotes para os que se formula oferta, de ser o caso

**Anexo VII.** Modelo de compromiso para a integración da solvencia con medios externos

**Anexo VIII.** Modelo de declaración específica para contratos financiados con cargo ao Plan Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)

## **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA ..... (EXPEDIENTE .....)**

### **1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN**

#### **1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

A contratación que se vai realizar tipifícase como contrato de obras de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 13 e 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), e queda sometida á dita lei, así como ao Real decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, ao Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en canto continúe vixente, e ao Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ou ás normas regulamentarias que os substitúan, na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Tamén será de aplicación, no non previsto no presente prego, o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, en canto non se opoña ao disposto na lei ou no regulamento e disposicións citadas no parágrafo anterior.

Así mesmo, será de aplicación o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 10 de decembro de 2021 e, se é o caso, o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería á que pertence o órgano de contratación indicado na portada deste prego.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares, os cadros de prezos e a memoria do proxecto licitado, nos aspectos sinalados no artigo 128 do RXLCAP, terán carácter contractual. Así mesmo, será contractual o programa de traballo que resulte aceptado pola Administración, segundo as condicións do presente prego e unha vez aprobado polo órgano de contratación.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá o presente prego.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste non exime o contratista da obrigaçión do seu cumprimento.

## **1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO**

A tipificación da presente contratación sinálase na descrición do contrato da portada do presente prego.

No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP, farase constar no título do contrato e na portada do presente prego. Nese caso só poderán presentarse os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral que acrediten ante o órgano de contratación que dispoñen de tal cualificación.

## **1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE**

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento aberto conforme o disposto nos artigos 131 e 156 a 158 da LCSP.

No suposto de expedientes que se tramiten como anticipados de gasto, estes regularanse conforme a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, reguladora da tramitación anticipada de gasto, e a execución do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas deste nos exercicios correspondentes.

Se é o caso, aos expedientes financiados no marco dos fondos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia e da axuda á Recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-EU), seralles de aplicación o disposto no artigo 67 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Os mecanismos e as medidas a aplicar no procedemento para reducir o risco de fraude e de corrupción e os conflitos de intereses ateranse ao previsto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

## **1.4. RÉXIME DAS NOTIFICACIÓNS NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta da LCSP, a práctica das notificacións e comunicacións derivadas da tramitación dos procedementos de adxudicación de contratos realizarase por medios exclusivamente electrónicos.

Consonte o disposto na referida disposición adicional e no artigo 45 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas que realice o órgano de contratación practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, enderezo electrónico habilitado único, a través da plataforma Notific@, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Como efecto da dita notificación, os prazos computables desde a notificación contarase desde a data de envío desta ou

do aviso de notificación, sempre que o acto obxecto de notificación se publicase o mesmo día no perfil de contratante do órgano de contratación.

Os interesados poden obter máis información acerca dos requisitos de acceso ao sistema no seguinte enderezo web: <http://www.xunta.gal/notifica>.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición da notificación de conformidade co indicado na plataforma Notific@.

Os licitadores deberán darse de alta no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal indicando un enderezo de correo electrónico. Así mesmo, os licitadores facilitarán ao órgano de contratación o dito enderezo de correo electrónico e un número de teléfono móbil ao presentar as súas proposicións, de conformidade co sinalado no punto 2 do anexo I. Este dato empregarase para enviar os avisos de posta á disposición das notificacións e comunicacións que se lle practiquen. No caso de non dispoñer da citada información, practicaranse as notificacións sen poder realizar ningún aviso. De conformidade co disposto no artigo 41.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

## **1.5 RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN**

Os contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da LCSP, con carácter potestativo, respecto dos seguintes actos:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

-Acordos de adxudicación.

-As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

Os actos anteriores, de non presentarse contra eles recurso especial en materia de contratación, poderán impugnarse directamente mediante a interposición do recurso

contencioso-administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En ningún caso procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios contra os actos mencionados.

O procedemento de tramitación e resolución do recurso especial rexerá polo disposto nos artigos 49 a 59 da LCSP.

Ao abeiro do disposto no artigo 46 da LCSP, o órgano competente para o coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación, a adopción de decisións sobre solicitudes de medidas provisionais e a tramitación do procedemento e a resolución de reclamacións e cuestións de nulidade nos supostos especiais establecidos é o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia creado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, modificada pola disposición adicional segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. Para iso, utilizaranse os formularios normalizados aprobados para empregar nos anteditos procedementos de impugnación perante o citado Tribunal Administrativo de Contratación Pública, por Resolución do 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 62, de 28 de marzo de 2018).

Respecto do contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a tres millóns de euros, contra os actos de trámite previos á adxudicación do contrato que non esgoten a vía administrativa e sempre que se trate de actos que decidan directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderá presentarse recurso de alzada perante o mesmo órgano autor do acto ou ante o órgano competente para resolver, isto é, perante o seu superior xerárquico, no prazo de 1 mes se o acto fose expreso e se non fose expreso poderá interpoñerse recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **1.6. XURISDICIÓN COMPETENTE**

A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción do contrato administrativo, derivado do presente expediente, será competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 27 da LCSP).

## **2. ELEMENTOS DO CONTRATO**

### **2.1. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do contrato é a realización da obra que se indica na portada e no cadro de características do contrato do presente prego.

A execución do obxecto do contrato debe adecuarse ás condicións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, se for o caso, documentos que teñen carácter contractual.

O dito obxecto corresponde aos códigos da nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e da nomenclatura da Clasificación de produtos por actividades (CPA) que, se for o caso, se indican na portada deste prego.

## **2.2. VARIANTES**

Cando así se indique na letra I do cadro de características do contrato, admitirase a presentación de variantes sobre os elementos e nas condicións que no dito cadro se determinan.

## **2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE HAI QUE SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS**

Son as sinaladas no punto “Descrición do contrato” do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

## **2.4. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, REFERENCIA DO EXPEDIENTE, UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA E PERFIL DO CONTRATANTE**

2.4.1. O órgano de contratación é o que se indica na portada deste prego e o seu perfil de contratante está aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ([www.contratosdegalicia.gal](http://www.contratosdegalicia.gal)), onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia deste procedemento.

2.4.2. O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Así mesmo, posúe a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato nos termos e límites sinalados na lei.

Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación perante a xurisdición competente.

## **2.5. DURACIÓN DO CONTRATO**

2.5.1. A duración do contrato e o prazo de execución total previsto pola Administración para a execución das obras estará fixado no cadro de características e terá, en todo caso, carácter de prazo máximo.

2.5.2. Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo. No cadro de características poderanse especificar os prazos parciais que darán motivo ás recepcións parciais a que se refire o artigo 243.5 da LCSP.

Os anteditos prazos contaránse a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de comprobación do replanteo.

A devandita acta e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar o programa de traballos, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, o dito prazo de execución poderá ampliarse cando o contratista non poida cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

A posibilidade de ampliación do prazo do contrato rexeráse polo disposto na LCSP e demais normativa de aplicación, en particular polo artigo 195.2 da LCSP, coas limitacións establecidas no artigo 29.

### **3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO E REVISIÓN DE PREZOS**

#### **3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO**

3.1.1. O orzamento máximo de licitación da presente contratación, excluído o IVE que debe soportar a Administración, figura na letra A do cadro de características do contrato, e poderá ser modificado á baixa como consecuencia da licitación. Indícase, así mesmo, o importe correspondente ao IVE e o importe total do contrato, IVE engadido.

3.1.2. As anualidades en que se distribúe o gasto, así como o financiamento do contrato, no caso de financiamento conxunto, constarán na letra B do cadro de características do contrato.

O órgano de contratación ten a facultade de reaxustar as anualidades cando as esixencias de execución o aconsellen.

3.1.3. O orzamento aprobado pola Administración comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada, as taxas pola prestación dos traballos de inspección e dirección das obras e calquera outra que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes, así como os impostos, directos ou indirectos e licenzas municipais, provinciais e estatais (que non poderán ser presentadas como partidas independentes). En todo caso, deberá entenderse excluído o IVE que poida corresponder, que deberá figurar como partida independente.

O orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución da obra serán os do orzamento base de licitación, afectados pola aplicación do coeficiente de

adjudicación que se deducirá dividindo o importe da oferta económica presentada polo licitador que resulte adjudicatario da obra polo orzamento de execución por contrata aprobado pola Administración e non será superior á unidade.

No caso de que se presente unha solución variante e resulte seleccionada, o orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución da obra serán os do proxecto presentado, correspondente á oferta variante seleccionada, afectados pola aplicación do coeficiente de adjudicación resultante, o cal non poderá ser superior á unidade. O dito coeficiente deducirase dividindo o importe da oferta económica da variante seleccionada polo orzamento de execución por contrata do proxecto presentado, correspondente á dita oferta variante.

Igualmente sinalase que o contrato ten carácter global, incluíndo a totalidade da obra que se debe executar, quedando excluída a posibilidade da súa licitación e adjudicación mediante lotes, no caso de indicarse así no cadro de características e logo de xustificación no expediente de conformidade co artigo 99.3 da LCSP.

No caso de que o contrato obxecto do presente prego prevexa a súa execución, exclusivamente en anualidades posteriores ao presente exercicio económico e sen prexuízo da súa formalización, a adjudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 e mais o previsto no artigo 117.2 da LCSP.

3.1.4. O valor estimado do contrato, calculado de conformidade co artigo 101 da LCSP, é o que figura na letra A do cadro de características do contrato.

3.1.5 O prezo do contrato será o que resulte da adjudicación deste.

No caso de que o contrato responda a un acordo ou convenio específico de colaboración na modalidade establecida no apartado a) do artigo 16 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG nº 17, do 27 de xaneiro) cada un dos órganos cofinanciadores será responsable directo soamente da obriga do pagamento das cantidades comprometidas que lles correspondan e non das dos restantes.

## **3.2. REVISIÓN DE PREZOS**

A procedencia ou non da revisión de prezos periódica e predeterminada, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable á presente contratación, así como o seu sistema de aplicación, se for o caso, indícanse na letra F do cadro de características do contrato, de acordo co previsto nos artigos 103 a 105 da LCSP. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de ampliación do prazo de execución do contrato.

A revisión de prezos terá lugar, se for o caso, cando o contrato se executase polo menos no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización.

### **3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO**

Dispónse do crédito orzamentario preciso para atender as obrigacións que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.

A consignación orzamentaria das obrigacións económicas que derivan do presente contrato figura na letra B do cadro de características do contrato.

O financiamento deste contrato provén dos fondos indicados no apartado B do cadro de características.

### **3.4. GARANTÍA PROVISIONAL**

No caso de que se esixa a constitución de garantía provisional prevista no artigo 106 do LCSP, para responder do mantemento de ofertas ata a adxudicación farase constar no cadro de características que acompaña este prego.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da perfección do contrato. En todo caso, a garantía provisional devolverase ao licitador seleccionado como adxudicatario cando constituíse a garantía definitiva, podendo aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última.

## **4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

### **4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS**

4.1.1. Segundo o disposto no artigo 65.1, poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta lei, se encontren debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme a lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCAP.

Para determinar a capacidade para contratar das empresas non españolas de Estados membros da UE ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (AEEE) non clasificadas en España e as restantes empresas estranxeiras, haberá que aterse ao disposto nos artigos 67 e 68 da LCSP, respectivamente.

Os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a inscrición en listas oficiais e empresarios autorizados para contratar establecidos polos Estados membros da Unión Europea sentan unha presunción de aptitude dos empresarios incluídos nelas en relación coas circunstancias establecidas no artigo 97 da LCSP.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

A xustificación da aptitude para contratar efectuarase de conformidade co establecido no artigo 67 da LCSP e nos artigos 9 e 10 do RXLCAP referidos a empresas non españolas de Estados membros das UE ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (AEEE) non clasificadas en España e as restantes empresas estranxeiras, respectivamente.

A mesa de contratación comprobará pertinentemente a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración a efectualo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

4.1.2. No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP, só poderán presentarse á presente licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos que acrediten perante o órgano de contratación dispor de tal cualificación.

4.1.3. Respecto á concorrencia á licitación daqueles empresarios que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do presente contrato, haberá que aterse ao disposto no artigo 70 da LCSP.

4.1.4. As persoas que contraten coa Administración poderán facelo por si mesmas ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para isto.

4.1.5. Se durante a tramitación do procedemento e antes da formalización se produce a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial ou dunha rama da actividade, sucederaa na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia e clasificación nas condicións exixidas neste prego para participar no procedemento de adxudicación.

## 4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme os artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e os artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación para efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 RXLCAP.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións ás que se refire o presente artigo poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa estivesen inscritos no citado Rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adxudicatarios. O dito escrito deberá designar a persoa que durante a fase de licitación e a vixencia do contrato posúe a representación de todos eles fronte á Administración, e indicará para o mesmo un teléfono e un correo electrónico para efectos de comunicación.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

## 5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN E HABILITACIÓN

**5.1.** A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixible, se for o caso, no presente contrato, acreditarase polos medios que se indican na letra E do cadro de características do contrato, na cal constan os criterios de selección e os requisitos mínimos para a súa acreditación, así como a clasificación correspondente ao obxecto e contía do contrato.

A solvencia acreditarase, ben mediante a clasificación do contratista cando sexa obrigatorio consonte o artigo 77.1 da LCSP, ben indistintamente mediante a clasificación ou acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos neste prego.

**5.2.** Ademais da solvencia esixida, se for o caso, na letra E do cadro de características, o órgano de contratación pode esixir a adscrición á execución do contrato, como mínimo, os medios persoais e/ou materiais que se indican na letra E. Se non se indica nada, enténdese que non existen exixencias adicionais.

Nos supostos en que se sinalase algunha esixencia na letra E do cadro de características do contrato, e así se indique expresamente, no presente contrato esíxese, de conformidade co artigo 76 da LCSP, que os licitadores concreten as condicións de solvencia mediante algún destes medios:

- a especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación; e/ou
- o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente.

Neste caso, estes compromisos integraranse no contrato, e o órgano de contratación atribuíralles no cadro de características o carácter de obrigacións esenciais para os efectos previstos no artigo 211.1.f) da LCSP ou establecer penalidades de conformidade co artigo 192.1 da LCSP e a cláusula 9.14 deste prego.

Estes documentos deberán detallarse na súa oferta e deben presentarse no arquivo electrónico A conforme o modelo que figura no anexo II.

En calquera caso, a Administración, por resolución motivada e por instancia da dirección facultativa, poderá esixir, en calquera momento, o cambio do facultativo e do persoal técnico adscrito á obra.

**5.3.** No suposto de que o empresario acredite a súa solvencia mediante a clasificación deberá acreditar a clasificación que se indica na letra E.1 do cadro de características do contrato, que corresponde ao obxecto e contía do presente contrato.

Cando sexa posible acreditar a solvencia mediante a clasificación e conorra á licitación unha unión de empresarios integrada por empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, os que pertencen aos dous primeiros grupos poderán acreditarla mediante a súa clasificación, e estes últimos mediante a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

**5.4.** Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional a través dos medios de xustificación que figuran na letra E do cadro de características do contrato ou da clasificación indicada na letra E.1.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia técnica, económica e financeira a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois, de acordo co artigo 78.1 da LCSP.

A acreditación da solvencia poderá realizarse ou completarse cos medios que consten no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en diante ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante RXC-Galicia), que achegue o licitador.

**5.5.** Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades sempre que demostre que, durante toda a duración da execución do contrato, dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar de conformidade co disposto no artigo 75 da LCSP.

Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao poder adxudicador que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das devanditas entidades, segundo o modelo que figura como anexo VII.

Consonte o artigo 75.3 da LCSP, neste caso ambas as entidades responderán solidariamente da execución do contrato.

**5.6.** Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos sinalados no artigo 97.1 da LCSP.

**5.7.** Tratándose dun contrato suxeito a regulación harmonizada, de ser o caso, o órgano de contratación poderá esixir no cadro de características do contrato, a acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade ou de xestión medioambiental, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LCSP.

**5.8.** No suposto en que se exixa unha habilitación empresarial ou profesional para a realización da actividade ou a prestación obxecto do contrato, poderá especificarse esta na letra E do cadro de características do contrato. En calquera caso o licitador é responsable de estar en posesión e poder acreditar que conta coas habilitacións exixidas pola normativa que sexa de aplicación.

**5.9.** O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que considere pertinentes, ou requirilos para a presentación doutros complementarios.

**5.10.** O órgano de contratación poderá esixir que determinadas partes ou traballos, pola súa especial natureza, os execute directamente o propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, un participante nela, cando así o prevexa no cadro de características, indicando os traballos a que se refira.

## 6. LICITACIÓN

### 6.1. DOCUMENTACIÓN

6.1.1. A documentación facilitarase en formato electrónico a través do perfil localizado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ([www.contratosdegalicia.gal](http://www.contratosdegalicia.gal)). Excepcionalmente, por razóns técnicas xustificadas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e a documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no propio perfil.

6.1.2. Os licitadores, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, poderán solicitar, cunha antelación mínima de doce días naturais antes da fin de prazo de presentación das ofertas, as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes, dirixindo a consulta ao enderezo de correo electrónico sinalado na portada deste prego e no perfil do contratante. A Administración debe facilitar a información, polo menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCPG).

6.1.3. As proposicións constarán de tres arquivos electrónicos, tal e como figura a continuación:

- O arquivo electrónico núm. 1 deberá ter o seguinte título: "Arquivo electrónico A: documentación xeral".
- O arquivo electrónico núm. 2 deberá ter o seguinte título: "Arquivo electrónico B: criterios avaliados mediante xuízos de valor".
- O arquivo electrónico núm. 3 deberá ter o seguinte título: "Arquivo electrónico C: criterios avaliados de forma automática".

O contido da documentación presentada debe:

- Estar estruturada de forma clara e concisa.
- A proposta non debe incluír referencias a documentos externos ou anexos.
- En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma galego ou castelán.
- Deberá constar un índice de documentación, procurando que o contido da documentación achegada se atope debidamente paxinado.

6.1.4. Os arquivos electrónicos presentaranse da seguinte maneira:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e os arquivos electrónicos deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.

- Indicando do NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, enderezo e correo electrónico.

- Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público deberán facer constar o número de inscrición.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no ROLECSP ou no RXC-Galicia non deben incluírse na documentación, xa que serán incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia del.

6.1.5. Os interesados deberán presentar as súas ofertas referidas á totalidade da obra obxecto do contrato.

6.1.6. Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato. Cando se permita a presentación de variantes ou melloras no cadro de características do contrato, as variantes ou melloras que inclúa na súa oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

6.1.7. O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación.

6.1.8. O incumprimento das normas contidas nos dous números anteriores dará lugar á inadmisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.

6.1.9. A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do proxecto de obra e do prego de prescricións técnicas.

6.1.10. Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse

no anexo I (declaración responsable) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma visible.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase improcedente.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algún ou algúns dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria na que xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter de confidencialidade e os prexuízos económicos concretos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

Tamén terán carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que a xustificación da declaración de confidencialidade dos empresarios sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir que documentos ou información teñen carácter confidencial, trasladará ao licitador ou candidato a solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que poida completar a xustificación da declaración de confidencialidade efectuada na oferta no prazo que ao efecto que se lle conceda, que non será superior a tres días naturais.

- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen motivadamente como confidencial segundo o previsto nesta cláusula e a normativa aplicable.

- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial, quedando exonerado de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada. O órgano de contratación non incorrerá en ningún tipo de responsabilidade pola publicación ou o acceso á información non declarada confidencial polo contratista no momento de presentación da súa oferta.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

6.1.11. O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar esixidos para contratar coa Administración será o día de finalización do prazo de presentación das proposicións e subsistir no momento da formalización do contrato.

En todo caso, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatarios do contrato.

6.1.12. Toda a documentación que presenten os licitadores deberá ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme a lexislación vixente na materia.

Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá.

## **6.2. FORMA DE PRESENTACIÓN: SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA**

6.2.1. O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), polo que as ofertas deberán presentarse a través dese sistema.

Modo de acceso: [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex)

6.2.2. O prazo para presentar as ofertas é o indicado na letra H do cadro de características deste prego.

### **6.2.3. Requisitos dos licitadores**

Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola entidade administradora do sistema informático. A relación dos certificados admitidos pódese consultar na sección "Requirimentos necesarios" do apartado e-trámites.

6.2.4. Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas

- Para licitar a través de SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado "Axuda" da páxina principal: [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex)

- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

Toda a documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.

Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato .pdf e estar asinado co estándar de sinatura "PDF Advanced Electronic Signatures" (PADES).

#### 6.2.5. Outras condicións de presentación de proposicións

A presentación da oferta mediante o SILEX supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para iso. Para tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita os expedientes, cifradas e fragmentadas.

Será responsabilidade dos licitadores asegurar que as ofertas se envían libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

Se a documentación que se achegue fose xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da mesa de contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento.

No seu defecto, a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto nas seguintes referencias normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

No caso de que a mesa de contratación ou o órgano de contratación lle requiran ao licitador documentación adicional durante o procedemento de licitación (como, por exemplo, aclaracións en relación ao contido da súa proposición, a documentación que acredita a súa solvencia, a xustificación da súa oferta, no caso de que naquela se identificasen valores presuntamente anormais ou desproporcionados, a documentación que se esixe antes da adxudicación ou da formalización do contrato, ou calquera outra documentación diferente do propio contido dos arquivos electrónicos que compoñen a proposición do licitador), e o licitador considere que parte da documentación entregada ten carácter confidencial, deberá, xunto coa antedita documentación, entregar tamén unha declaración responsable na que identifique, de xeito motivado, a documentación ou a información que considere que ten carácter confidencial.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta (ou toda a documentación adicional entregada) por un licitador considerárase improcedente.

### **6.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARQUIVO ELECTRÓNICO A)**

#### **ARQUIVO ELECTRÓNICO A: documentación administrativa para tomar parte na contratación da OBRA ..... (EXPEDIENTE .....)**

O seu contido será o seguinte:

6.3.1. Declaración responsable do licitador na que indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

6.3.1.1. Para tal fin, os licitadores deberán achegar o DEUC (documento europeo único de contratación).

O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituindo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).

Pode accederse a el en formato electrónico en <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=es>. O formulario, dispoñible en castelán, poderá, nese sitio, cubrirse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta. Así

mesmo, poderá accederse, se é o caso, ao formulario electrónico en galego, na ligazón que se indique no cadro de características.

Tamén pode accederse ao formulario DEUC na páxina web da consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en formato .odt:

versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

No caso de que o licitador recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

Cando dúas ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia presentando, cada unha delas, un DEUC. Tamén presentarán un compromiso de constitución de unión temporal de empresarios (UTE) que indicará, en documento privado, os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, no caso de resultar adxudicatarios (artigo 69 da LCSP e 24 do RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que deriven do contrato ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

O documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da UTE.

6.3.1.2. Ao DEUC deberá sempre xuntarse a declaración complementaria que se xunta ao presente prego como anexo I.

6.3.2. Ademais, este arquivo electrónico conterá igualmente a concreción das condicións de solvencia, segundo o recollido na letra E do cadro de características, e conforme ao modelo do anexo II.

6.3.3. No suposto de que o licitador que presentase a mellor oferta recorra á integración da solvencia con medios externos, consonte o artigo 75 da LCSP, deberá achegar o compromiso escrito asinado polas ambas as entidades no que se acredite que vai dispoñer dos recursos necesarios para a execución da obra obxecto de contratación, segundo o modelo que se recolle no anexo VII.

6.3.4. No caso de procedementos nos que se liciten varios lotes, o licitador deberá incluír no arquivo electrónico o anexo VI deste prego de condicións relativo ao número máximo de lotes dos que pretende ser adxudicatario e á relación na que se indique a prioridade dos lotes aos que opta.

6.3.5. De ser o caso, xustificante de depósito da garantía provisional na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na consellería competente en materia de facenda ou nas delegacións provinciais da Atriga), a favor do órgano de contratación, polo importe indicado no cadro de características do presente prego (apartado G) e de conformidade co artigo 106 da LCSP.

6.3.6. No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP, os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral deberán acreditar que dispoñen de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

6.3.7. Para os efectos da acreditación dos criterios de desempate previstos na cláusula 7.5.3, o licitador ou, de ser o caso, o seu apoderado ou representante, deberá presentar unha serie de declaracións responsables nas que indique o número de traballadores discapacitados que a empresa teña no seu persoal expresado en tanto por cento, se dispón da Marca Galega de Excelencia en Igualdade e se implantou un Plan de Igualdade, segundo se indica no anexo I que acompaña a este prego de cláusulas administrativas particulares.

6.3.8. Se no arquivo electrónico A figurase documentación ou información correspondente ao contido do arquivo electrónico C, o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións recollido no artigo 139.2 da LCSP.

#### **6.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (ARQUIVO ELECTRÓNICO B)**

##### **ARQUIVO ELECTRÓNICO B: documentación relativa aos criterios avaliados mediante xuízos de valor para tomar parte na contratación da OBRA ..... (EXPEDIENTE .....)**

Neste arquivo electrónico incluírase a seguinte documentación:

- a) Unha relación de todos os documentos incluídos neste arquivo electrónico.
- b) A documentación especificada no cadro de criterios de adxudicación do contrato, no apartado B. "Documentación relativa aos criterios de adxudicación", apartado "Documentación "Arquivo electrónico B"".

Esta documentación, que deberá estar asinada, incluírase no arquivo electrónico B, de acordo co establecido na letra B do cadro de criterios de adxudicación do contrato.

Se así se prevé na letra Ñ.2 do cadro de características do contrato, este arquivo electrónico tamén conterá a declaración sobre a intención de celebrar subcontratos a que se refiren os artigos 29.3.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e 215.2 a) da LCSP, sinalando o seu importe, o nome e o perfil empresarial definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

Se o licitador non achega a documentación relativa a algún destes criterios de adxudicación, ou esta non contén todos os requisitos esixidos, a proposición do dito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate, , salvo que a dita omisión implique que a oferta incumpra o prego de prescricións técnicas de xeito que a proposta presentada non se axuste aos requisitos esixidos polo prego, en cuxo caso procederá a súa exclusión.

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliados de forma automática mediante a aplicación de fórmulas non debe incluírse nos arquivos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliados mediante un xuízo de valor.

A infracción deste mandato dará lugar á exclusión do licitador.

## **6.5. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIADOS DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO C)**

**ARQUIVO ELECTRÓNICO C: documentación relativa aos criterios avaliados de forma automática para tomar parte na contratación da OBRA ..... (EXPEDIENTE .....)**

Neste arquivo electrónico incluírse a seguinte documentación:

- a) Unha relación de todos os documentos incluídos neste arquivo electrónico.
- b) A proposición económica e os compromisos ofertados polo licitador, que se axustará ao modelo establecido e que se xunta como anexo III deste prego.

A oferta presentarse debidamente asinada por quen teña poder suficiente para isto e non debe conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta dela.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerá o importe reflectido como sen IVE e en letra. Indicarase o importe, IVE excluído e, a seguir, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. Tamén debe indicarse o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía que o orzamento base de licitación que figura no cadro de características do contrato e no anuncio de licitación.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición económica referida á totalidade das obras obxecto do contrato, admitíndose que poida comprender unha solución variante no caso en que así se permita na letra I do cadro de características.

O empresario licitador, en unión temporal con outros empresarios, non poderá presentar simultaneamente unha proposición individual e outra coa dita unión temporal, nin figurar en máis dunha unión de empresarios participante na licitación. O incumprimento destas obrigas implicará a non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

En canto ao rexeitamento de proposicións, haberá que aterse ao disposto no artigo 84 do RXLCAP.

A inclusión de documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliábles mediante un xuízo de valor nos arquivos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas dará lugar á non valoración da dita documentación.

## **7. ADXUDICACIÓN**

### **7.1. MESA DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación estará asistido, no procedemento de adxudicación deste contrato, por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto nos artigos 146, 157 e 326 da LCSP.

A mesa adecuará o seu funcionamento aos artigos 21 e 22 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, e poderá estar asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias, por requirimento desta.

Co fin de loitar contra a corrupción e previr conflitos de intereses nos termos do artigo 64 da LCSP, os compoñentes da mesa de contratación, así como o persoal ao que se lle asigne a elaboración de calquera informe técnico no desenvolvemento do procedemento de licitación, deberán deixar constancia expresa da ausencia dun conflito de intereses que poida parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación mediante unha declaración expresa e específica de ausencia de conflito de intereses ou mediante unha manifestación expresa na acta de constitución da mesa de contratación.

Con este mesmo obxectivo, o persoal técnico que participou na elaboración dos pregos de prescricións técnicas non participará na valoración das proposicións. Enténdese que non concorre conflito de intereses para os efectos de elaboración dos informes técnicos de valoración das proposicións, naquelas persoas cuxa participación na elaboración das prescricións técnicas se limitase a dirixir a definición das características técnicas básicas da obra, sen elaborar as prescricións técnicas concretas que rexen a licitación. Así mesmo,

presumirase que non concorre conflito de intereses naquelas persoas que limitaron a súa actuación á supervisión do correspondente proxecto da obra.

No suposto de contratos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), a declaración de ausencia de conflitos de interese axustarase ás previsións e ao contido indicados na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para o caso de que, con posterioridade á formulación de tales declaracións responsables, se coñecese un posible conflito de intereses, a persoa da mesa de contratación na que concorra tal circunstancia absterase de participar no procedemento e comunicarllo ao seu superior xerárquico. Neste caso, deberá substituírse por outra persoa na mesa de contratación.

Asemade, aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese deberano pór inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación.

## **7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARQUIVO ELECTRÓNICO A)**

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos esixidos.

As ofertas presentadas no Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) están cifradas e fragmentadas necesitando a concorrencia dun número mínimo de certificados electrónicos dos membros da mesa, previamente determinados.

A mesa procederá á apertura do "Arquivo electrónico A: Documentación administrativa" de cada unha das ofertas presentadas, na que se levarán a cabo a seguintes accións:

- Visualización dos datos do licitador e acceso ao Rexistro de Contratistas.
- Verificación da sinatura electrónica da documentación presentada.
- Apertura da documentación contida no "Arquivo electrónico A".
- Cualificación desta documentación pola mesa (admisión, emenda ou exclusión).

Se a mesa observa erros ou omisións emendables, con base no disposto no artigo 141 da LCSP, enviará unha notificación aos licitadores correspondentes a través da plataforma Notific@ (nos termos establecidos na cláusula 1.4) e concederá un prazo de tres días naturais para emendalos. O requirimento de documentación tamén poderá realizarse directamente a través do sistema SILEX.

A documentación obxecto de emenda será presentada única e exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o procedemento PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, ou, no caso de que se indique no requirimento, a través do Sistema SILEX, dentro do prazo sinalado pola mesa de contratación no seu requirimento.

O/a secretario/a redactará unha acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, polo menos, polo/a presidente/a e o/a secretario/a.

Respecto ao declarado no DEUC ou na documentación complementaria do arquivo electrónico A, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato. Esta documentación deberá presentarse nun prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que o licitador recibise o requirimento a través da plataforma Notific@.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme a lexislación nacional, en caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

### **7.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (ARQUIVO ELECTRÓNICO B)**

As ofertas presentadas no sistema de licitación electrónica (SILEX) están cifradas e fragmentadas necesitando a concorrencia dun número mínimo de certificados electrónicos dos membros da mesa, previamente determinados.

No lugar, data e hora que se comunicarán mediante a súa publicación no perfil do contratante, a mesa de contratación reunirse para a realización das seguintes actuacións:

- Revisión da documentación relativa á emenda de defectos ou omisións.
- Adopción dos acordos oportunos sobre admisión ou exclusión dos licitadores.

En acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura do anuncio público do procedemento.
- Lectura do número de proposicións recibidas e da identidade dos licitadores.

- Lectura dos resultados da cualificación da documentación administrativa, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e a causa ou causas de inadmisión destas últimas.

No proceso de apertura dos arquivos electrónicos dos licitadores admitidos, que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, levaranse a cabo as seguintes accións.

- Recomposición das ofertas: realizarase ante os asistentes ao acto público o descifrado e recomposición das ofertas presentadas no SILEX; para isto é necesario a concorrencia dos certificado/s electrónico/s válido/s dos membros da mesa de contratación que se determinen e que, unha vez identificados polo sistema procede a recompoñer as ofertas e posibilita a súa visualización.
- Verificación da correcta sinatura electrónica dos documentos.
- Visualización e comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos.
- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

Se a mesa observa erros ou omisións emendables enviará unha notificación aos licitadores correspondentes a través da plataforma Notific@ (nos termos establecidos na cláusula 1.4) e concederá un prazo de tres días naturais para emendalos. O requirimento de documentación tamén poderá realizarse directamente a través do sistema SILEX.

A documentación obxecto de emenda será presentada única e exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o procedemento PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, ou, no caso en que se indique no requirimento, a través do sistema SILEX, dentro do prazo sinalado pola mesa de contratación no seu requirimento.

O/a secretario/a redactará unha acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, polo menos, polo/a presidente/a e o/a secretario/a.

A mesa de contratación solicitará cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a avaliación da documentación presentada polos licitadores.

#### **7.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO C)**

As ofertas presentadas no sistema de licitación electrónica (SILEX) están cifradas e fragmentadas necesitando a concorrencia dun número mínimo de certificados electrónicos dos membros da mesa, previamente determinados.

A avaliación do contido do arquivo electrónico B realizarase, en todo caso, antes da apertura do arquivo electrónico C e deixarase constancia documental disto tal como se establece no parágrafo segundo do artigo 146 da LCSP.

A data, a hora e o lugar de celebración da mesa de apertura do arquivo electrónico C publicarase no perfil de contratante.

Na data, hora e lugar de celebración anunciados no perfil do contratante, a mesa de contratación reunirse para a apertura da documentación que contén os criterios avaliábeis de forma automática.

No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura dos resultados da avaliación do contido do arquivo electrónico B dos licitadores.
- Apertura das ofertas: realizarase ante os asistentes ao acto público o descifrado e desfragmentación das ofertas presentadas no SILEX. Para isto é necesario a concorrencia do/dos certificado/s electrónico/s válido/s dos membros da mesa de contratación, que se determinen e que, unha vez identificados polo Sistema, procede a recompoñer as ofertas e posibilita a súa visualización.
- Verificación da sinatura electrónica correcta dos documentos.
- Lectura das ofertas.
- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

O/a secretario/a redactará a acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, polo menos, polo/a presidente/a e o/a secretario/a.

A mesa de contratación examinará a documentación contida nos arquivos electrónicos e pode solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a súa avaliación.

## **7.5. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN**

7.5.1. O órgano de contratación acordará a adjudicación mediante a aplicación dos criterios sinalados no cadro de criterios de adjudicación do contrato.

Para a valoración das proposicións, a mesa de contratación poderá solicitar cuantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta o baremo de puntuación referido ao contido do arquivo electrónico B, de documentación que debe ser valorada conforme os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, e C, de criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas, que se indican no cadro de características.

Nos supostos nos que o procedemento de contratación se articule en fases no apartado J.1 do cadro de características, en aplicación do indicado no parágrafo segundo do apartado 3 do artigo 146 da LCSP, aquelas ofertas incluídas polos licitadores no arquivo electrónico B que non obteñan unha puntuación igual ou superior ao limiar mínimo esixido no apartado J.1 do cadro de características quedarán excluídas do procedemento de adxudicación.

7.5.2. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormalmente baixa, requirirase ao licitador ou licitadores afectados, conforme o procedemento previsto no artigo 149.4 da LCSP, a través da plataforma Notific@, para que xustifique e desagregue razoada e detalladamente o parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación da información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos. Os criterios que determinen que unha oferta está incurso en presunción de anormalidade determínanse na letra A do cadro de criterios de adxudicación do contrato.

A documentación xustificativa da baixa temeraria será presentada única e exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o procedemento PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dentro do prazo sinalado pola mesa de contratación no seu requirimento.

O órgano de contratación rexeitará en todo caso as ofertas incursas en presunción de anormalidade cando comprobe que son anormalmente baixas por vulnerar a normativa sobre subcontratación o non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no artigo 149.4 da LCSP, estimase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta. Así mesmo, o licitador resultará excluído da citada clasificación se non contestase ao requirimento da información xustificativa solicitada.

7.5.3. Se se dese a circunstancia de que dúas ou máis proposicións obtivesen idéntica puntuación total, de acordo co baremo indicado neste prego de cláusulas administrativas particulares, e resultasen identificadas como as mellores ofertas entre o conxunto das presentadas para esta licitación, ao abeiro do artigo 147 da LCSP, prevalecerán, salvo que se sinala outro criterio no apartado J.2 do cadro de características, aquelas que cumpran, á finalización do prazo de presentación de ofertas, os requisitos de preferencia, e pola orde establecida, que se sinalan a continuación:

1. En primeiro lugar, a empresa que conte no seu persoal con traballadores con discapacidade, coa condición de que a porcentaxe destes, en relación ao persoal total da empresa, sexa superior ao que impón a normativa.

2. En segundo lugar, a empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.
3. En terceiro lugar, a empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
4. En cuarto lugar, a empresa que obtivese a Marca Galega de Excelencia en Igualdade. Se a empresa usase desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante toda a duración do contrato.
5. En quinto lugar, a empresa que procedese á implantación dun plan de igualdade, acreditada mediante certificación expedida pola persoa titular da secretaría xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, por solicitude da empresa interesada.
6. En sexto lugar, a empresa que teña unha maior valoración nos criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

No caso de existir igualdade na puntuación total conseguida, e en aplicación de todos os criterios de preferencia sinalados anteriormente, realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará coa antelación suficiente aos licitadores.

A mesa de contratación poderá solicitar tanta información estime pertinente aos licitadores para comprobar os datos declarados no anexo I. A documentación acreditativa dos criterios de desempate será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate. No caso de que o licitador non cubra o citado anexo, a mesa de contratación interpretará que non se acredita ningún dos criterios indicados

## **7.6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN**

7.6.1. A mesa de contratación clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas anormalmente baixas, para despois elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación. Para realizar a dita clasificación, atenderá os criterios de adxudicación sinalados no prego e pode solicitar para isto cantos informes técnicos xulgue pertinentes.

7.6.2. Atendendo ao establecido nos artigos 132.3 da LCSP e 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituir infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

7.6.3. De acordo co disposto no artigo 150.2 da LCSP, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta, a través da plataforma Notific@ (nos termos establecidos na cláusula 1.4 deste prego de cláusulas administrativas particulares) ou a través do sistema SILEX, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que se recibiu o requirimento, presente a seguinte documentación:

1. Os documentos que acrediten a personalidade, que serán os seguintes:
  - 1.1. Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de copia electrónica auténtica do documento nacional de identidade (ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa de alta no imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresaranse as circunstancias empresariais e o domicilio para efecto de notificacións.
  - 1.2. Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia electrónica auténtica do código de identificación fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.
  - 1.3. A personalidade dos empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, que se indican no anexo I do RXLCAP.

Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel a subministración de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

- 1.4. A capacidade das empresas estranxeiras de Estados non membros da Unión Europea acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa no que se faga constar que figura inscrita no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de orixe da empresa estranxeira admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP en forma substancialmente análoga.

2. Os documentos que acrediten a representación, que son os seguintes:

2.1. Se o licitador fose un empresario individual, achegárase copia electrónica auténtica da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.

2.2. Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegárase copia electrónica auténtica da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou se é o caso no rexistro público que corresponda.

3. Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, declarada no DEUC, de conformidade co sinalado na cláusula 5 e na letra E do cadro de características do presente prego de cláusulas administrativas particulares.

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica. Cada unha das empresas que compoñen a unión temporal deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme o sistema de acreditación previsto no número anterior. Acumularanse, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos integrantes dela, de conformidade coas condicións previstas no artigo 69.6 da LCSP.

4. Documentación xustificativa da constitución da garantía definitiva que sexa procedente. En concreto presentárase o xustificante de ter depositada a garantía definitiva na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na consellería competente en materia de facenda ou delegacións provinciais da Atriga), a favor do órgano de contratación, polo importe sinalado no apartado G do cadro de características.

A constitución desta garantía procede de acordo co establecido no artigo 107 da LCSP, segundo o cal os licitadores que presenten as mellores ofertas nas licitacións dos contratos que celebren as administracións públicas deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 5 por 100 do prezo final ofertado por aqueles, IVE excluído. En caso de que o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía definitiva calcularase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE excluído.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP. En virtude do establecido na Orde do 23 de maio de 2008, pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG núm. 115, do 16 de xuño), as persoas ou entidades que precisen constituír unha garantía en documento de aval na Caixa Xeral de Depósitos poderán empregar o procedemento telemático que se regula na citada orde.

A garantía responderá dos conceptos mencionados no artigo 110 da LCSP.

A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 111 LCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP, no que non se opoña á LCSP.

5. De ser o caso, documentación xustificativa da constitución da garantía complementaria que sexa procedente. En concreto presentarase o xustificante de ter depositada a garantía complementaria na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na consellería competente en materia de facenda ou delegacións provinciais da Atriga), a favor do órgano de contratación, polo importe indicado polo órgano de contratación no correspondente requirimento.

Esixirase a constitución desta garantía complementaria, conforme o establecido no artigo 107.2 da LCSP, no caso de que a oferta do adxudicatario resultase inicialmente incurso en presunción de anormalidade.

A garantía será do importe do 5 por 100 do prezo final ofertado polo licitador que presentou a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, excluído o imposto sobre o valor engadido, e poderá alcanzar a garantía total un 10 por 100 do citado prezo.

6. Declaración de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos e declaración na que se poña de manifesto a localización dos servidores informáticos de almacenamento de datos e dende onde se van prestar os servizos asociados a eles.

7. As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todos os incidentes que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitador.

En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

8. Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

9. Certificación positiva expedida pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída débeda ningunha coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

10. Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigacións tributarias.

11. Documento electrónico auténtico que acredite a alta no imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo da obrigaón de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL, en diante), deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da exención da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 €) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) do citado TRLRFL, xunto cunha copia da declaración do imposto de sociedades onde conste a cifra de negocios do penúltimo ano anterior á devindicación do imposto, coa excepción das persoas físicas.

12. Proba da efectiva disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato que lle requira o órgano de contratación.

Deberanse concretar as persoas que se correspondan co número e perfís dos integrantes do grupo de traballo ofertado (xuntando currículo, titulación e experiencia). Se se trata de medios persoais que formen parte do seu persoal, remitiranse os documentos TC2 en que así conste. Para o caso de que se trate de persoas que nese momento non formen parte do persoal da empresa, deberán achegar un compromiso asinado por ambas as partes de que, de resultar adxudicatario, se incorporarán ao equipo de traballo.

13. No caso de contratos financiados con cargo ao PRTR xuntarase a declaración específica prevista no anexo VIII.

Os certificados esixidos nos puntos 8, 9 e 10 poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da LCSP, as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato.

Os licitadores que se atopen inscritos, se é o caso, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, ou que presenten un certificado comunitario ou documento similar de inscrición de conformidade co establecido no artigo 97 da LCSP, non estarán obrigados a presentar a documentación das circunstancias de aptitude para contratar que xa aparezan acreditadas e actualizadas nos devanditos rexistros (personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar nos mesmos), e deberán presentar unicamente a certificación emitida polo Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou certificado comunitario de inscrición. No caso das certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, serán postas de manifesto de oficio no procedemento mediante a súa expedición electrónica.

En todo caso, o licitador proposto como adxudicatario deberá presentar unha declaración responsable de que as circunstancias da entidade que figuran no rexistro correspondente son exactas e non experimentaron variación.

Así mesmo, consonte a lexitimación desta consellería para o tratamento dos datos de carácter persoal, os licitadores teñen dereito a non achegar documentos que fosen elaborados por calquera administración sempre que poidan ser consultados ou obtidos polo órgano de contratación.

Polo anteriormente exposto, sempre que non se opuxeran a elo, os licitadores e/ou o adxudicatario quedarán exentos da obriga de presentar a documentación requirida nos artigos 140 e 150 da LCSP que a continuación se relaciona:

- NIF da persoa física ou xurídica
- NIF da/s persoa/s representante/s
- certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias da AEAT
- certificado de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social
- certificado de pagamento/exención do imposto de actividades económicas
- certificados de títulos académicos do/a licitador/a ou das persoas que integran o equipo

A documentación requirida ao licitador que presente a mellor oferta e que se relaciona neste apartado será presentada única e exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o procedemento PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, ou, no caso en que se indique no requirimento, a través do Sistema SILEX, dentro do prazo sinalado polo órgano de contratación no seu requirimento.

Así mesmo, no caso de contratos financiados con cargo ao PRTR, procederase á consulta do Rexistro de Titularidades Reais creado pola Orde JUS/319/2018, que cederá información ao Sistema de Fondos Europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación e a outras bases de datos administrativas que informen sobre titularidades reais, que cederán información ao Sistema de Fondos Europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

7.6.4. Logo de recibir a documentación a que se refire esta cláusula, a mesa comprobará a validez da antedita documentación, circunstancia da que deixará constancia na acta correspondente. No caso de que o licitador non presente coa antedita documentación o documento no que conste a verificación por letrado da Xunta da suficiencia do poder do representante, o letrado presente na mesa procederá a verificar a suficiencia dos poderes do representante, deixando constancia da mesma na acta.

Tras o exame da documentación, se a mesa entende que a dita documentación ten defectos emendables, comunicarao á empresa proposta como adxudicataria e concederlle tres días hábiles para a emenda dos ditos defectos. A comunicación dos

defectos ou das omisións emendables realizarase a través da plataforma Notifi@ (nos termos establecidos na cláusula 1.4) ou se é o caso, do Sistema SILEX, ao enderezo de correo electrónico habilitado, facilitado na oferta.

A documentación requirida ao licitador que presente a mellor oferta e que se relaciona neste apartado será presentada única e exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o procedemento PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, ou, no caso en que se indique no requirimento, a través do Sistema SILEX, dentro do prazo sinalado polo órgano de contratación no seu requirimento.

Se, transcorrido o dito prazo o erro non fose emendado, a oferta correspondente resultará excluída da licitación, e procederase nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, segundo o artigo 150.2 da LCSP.

No suposto de que, transcorrido o prazo outorgado para acreditar ante o órgano de contratación a posesión e validez dos documentos esixidos nesta cláusula, a persoa proposta como adxudicataria non cumprise o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

Se a retirada da oferta trae a súa causa en ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos consonte ao artigo 141 da LCSP, o órgano de contratación iniciará o procedemento preceptivo para declarar a concorrencia da prohibición de contratar regulada no artigo 71.1 e) da LCSP, sen prexuízo da adopción de calquera outra acción legal que á Administración lle puidese corresponder.

Finalmente, producida a retirada da oferta por parte da persoa proposta como adxudicataria, a Administración efectuará unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que sexa posible e que o novo adxudicatario presente a súa conformidade. Seguidamente, procederase, de novo, de acordo co establecido na presente cláusula.

No suposto de que o licitador cumprise satisfactoriamente o requirimento efectuado pola Administración contratante, o órgano de contratación adxudicarlle o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses contados desde a apertura das proposicións. Este prazo ampliarase en quince días hábiles cando se aprecien valores anormais ou desproporcionados nas ofertas.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

7.6.5. De acordo co artigo 151 da LCSP, a adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores, e deberá ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación e entre ela en todo caso deberá figurar a seguinte:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas. Para estes efectos, a adxudicación conterá a puntuación obtida por cada un dos licitadores desagregada.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

## **8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO**

8.1. O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo establecido no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, o cal se axustará con exactitude ás condicións da licitación.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o CIF asignado a esta.

O adxudicatario, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar unha declaración na que indique onde van estar localizados os servidores e dende onde se van prestar os servizos asociados a estes, consonte o artigo 122.2. c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O contrato deberá ser subscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

O licitador deberá achegar, se é o caso, orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para asinar o contrato.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, e o título será válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, e os gastos derivados do seu outorgamento serán pola súa conta.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se pode formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se for o caso, se exixise.

Se as causas de non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle poida ocasionar.

Ao contrato incorporarase a declaración a que se refiren as cláusulas 9.9 e 9.10 deste prego sobre confidencialidade e protección de datos de carácter persoal.

8.2. Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 44, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. Asemade, no caso de que o contrato estea financiado con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, seralle de aplicación os prazos previstos no artigo 58 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días naturais contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo indicado no parágrafo anterior desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos sen que se tivese interposto o recurso que leve consigo a suspensión da formalización do contrato. De igual maneira procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Se o contrato non é susceptible de recurso especial a formalización efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores.

8.3. Ao contrato que se formalice uniranse, como anexos, un exemplar deste prego de cláusulas administrativas e do prego de prescricións técnicas. Os referidos documentos, xunto co cadro de prezos e o programa de traballos, revestirán carácter contractual.

8.4. A formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.

8.5. Cando o contrato implique o acceso do contratista a ficheiros que conteñan datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable segundo o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento, para os efectos establecidos na dita lei orgánica e na súa normativa de desenvolvemento.

O acceso non se considerará comunicación de datos, por ser necesario para a realización da prestación do obxecto do contrato.

En todo caso e cando o contratista teña acceso a ficheiros en que consten datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable, será necesario que no contrato, ou nun documento independente, se inclúan as cláusulas precisas co obxecto de regular o dito acceso, nos termos e co contido previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

8.6. De ser o caso, a documentación que se xunta ás proposicións quedará á disposición dos licitadores que non resulten adxudicatarios, unha vez adxudicado e formalizado o contrato, e transcorridos os prazos para a interposición dos correspondentes recursos, excepto as proposicións económicas e demais documentación que se considere conveniente que conste no expediente.

A documentación citada no parágrafo anterior só se devolverá logo de petición das empresas licitadoras e realizarase á súa custa. No caso de que os licitadores non soliciten a súa devolución, dentro dos dous meses seguintes á adxudicación do contrato, considerarase que os devanditos licitadores autorizan a súa destrución nas condicións e na forma sinaladas nesta cláusula, de modo que o órgano de contratación non estará obrigado nin será responsable da súa custodia e conservación e procederá no momento que corresponda á súa destrución sen máis trámite. No proceso de destrución da documentación garantirase a confidencialidade da información contida na documentación e a utilización do método e das tecnoloxías máis idóneas que imposibilite a reconstrución dos documentos e a recuperación de calquera información contida neles.

8.7. Correspóndelle ao órgano de contratación a facultade de desistir do procedemento de adxudicación ou a decisión de non adxudicar o contrato para o que se efectuase a correspondente convocatoria, notificándoo aos candidatos ou licitadores, informando tamén á Comisión Europea desta decisión cando o contrato fose anunciado no *Diario Oficial da Unión Europea*.

A decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización, de acordo co disposto no artigo 152 do LCSP.

8.8. No suposto de que se recolla no cadro de características que a contratación se divida en lotes, aplicaranse as cláusulas contidas no presente prego coas seguintes particularidades:

- Un licitador, individualmente ou formando parte dunha unión temporal de empresas, poderá presentar proposicións a un, varios ou todos os lotes, salvo que se estableza limitación ao respecto no apartado H.2 do cadro de características.
- As normas procedementais e de publicidade que deben aplicarse na adxudicación de cada lote ou prestación diferenciada determinaranse en función do valor acumulado do conxunto dos lotes. Polo tanto, o valor estimado da licitación corresponderá coa suma dos importes de licitación de cada un dos lotes (IVE excluído).
- Presentarase un arquivo electrónico coa “Documentación administrativa” que inclúa unha declaración para o DEUC e outra para a declaración complementaria ao DEUC segundo o anexo I, e deberase presentar ademais a declaración relativa á relación indicando a prioridade dos lotes do anexo VI do presente prego.
- Presentarase un arquivo electrónico coa “Proposición técnica e outros elementos da oferta non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor” por cada lote ao que se licite identificando, na denominación do arquivo, o lote correspondente. No caso de que se presente a máis dun lote, todos e cada un dos arquivos electrónicos B ou sobres B estarán perfectamente identificados na denominación dos arquivos.
- Presentarase un arquivo electrónico coa “Proposición económica e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas” por cada lote ao que se licite identificando, na denominación do arquivo, o lote correspondente. No caso de que se presente a máis dun lote, todos e cada dos arquivos electrónicos C ou sobres C estarán perfectamente identificados na denominación dos arquivos.
- Os criterios establecidos para a acreditación da solvencia aplicaranse respecto a cada lote. En concreto, as referencias aos importes que se establezan entenderanse referidas ao orzamento de cada lote. No caso de que se establecese unha clasificación para acreditar os criterios de solvencia, recollerase no cadro de características a que proceda para cada lote.
- Un licitador, individualmente ou formando parte dunha unión temporal de empresas, só poderá resultar adxudicatario do número de lotes que se determinen no apartado H.2 do cadro de características. No caso de que un licitador poida resultar adxudicatario de dous ou máis lotes, adxudicaráselle os lote en función da declaración relativa á relación coa indicación da prioridade do anexo VI do presente prego. En caso de que non se fixese a correspondente declaración, aplicaranse os seguintes criterios:
  1. Procederá a adxudicación a favor do lote de maior importe de licitación.
  2. En caso de igualdade dos importes de licitación, procederá adxudicar o lote no que o licitador acadase unha maior puntuación técnica.

3. En caso de igualdade das puntuacións técnicas, adjudicarase o lote con menor numeración en función da orde establecida no cadro de características.

- A mesa de contratación constituída para o efecto, logo da análise das circunstancias que deban terse en conta na adjudicación de cada lote elevará, xunto coa acta, a proposta que considere a mellor oferta, a cal incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares ao órgano de contratación e as circunstancias establecidas no punto anterior en canto á limitación de adjudicacións de lotes.
- Os importes das garantías fixaranse atendendo exclusivamente ao importe do lote ou lotes dos cales o licitador vaia ser adjudicatario.
- O órgano de contratación resolverá unha adjudicación e formalizarase un contrato por cada un dos lotes.

## **9. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

### **9.1. FORMA DE EXECUCIÓN**

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no contrato, neste prego, no prego de prescricións técnicas, no cadro de prezos e no programa de traballo, documentos que teñen carácter contractual.

O contratista, sen prexuízo das facultades que asisten á dirección do contrato nomeada polo órgano de contratación, será responsable da organización do contrato, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que se deduzan para esta Administración, para calquera organismo ou entidade integrante do sector público ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas para a execución do contrato. Así mesmo e se é o caso, calquera modificación ou adición do persoal adscrito ao contrato efectuada polo contratista durante o transcurso dos traballos deberá ser previamente aprobada pola dirección do contrato, tendo en conta que as circunstancias profesionais do persoal substituto deberán ser equivalentes ás do persoal substituído.

O contratista está obrigado a cumprir coas obrigas esenciais en relación coa execución do contrato, así como coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde, que se establecesen nas letras K.1 e K.2 do cadro de características do contrato deste prego.

### **9.2. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO**

Nun prazo non superior a un mes dende a data de formalización do contrato, agás supostos excepcionais, procederase, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo efectuada previamente á licitación, consonte se dispón no artigo 237 da LCSP.

A comprobación do replanteo realizarase a partir da adxudicación, nos supostos de expedientes de contratación seguidos baixo a tramitación urgente.

A comprobación do replanteo á que se refire o artigo 237 da LCSP suxeitarase ás seguintes regras:

1. Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación do replanteo, a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos na LCSP.

2. Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre, a xuízo do director de obra e sen reserva por parte do contratista, a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto, darase por aquel a autorización para inicialas, e farase constar este extremo explicitamente na acta que se emita, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila e comezará a contar o prazo de execución das obras dende o día seguinte ao da sinatura da acta.

3. Cando se trate da realización dalgunha das obras ás que fai referencia o artigo 236.2 da LCSP, haberá que atermos ao disposto neste artigo en canto á dispoñibilidade de terreos, podendo comezarse as obras se estivesen dispoñibles os terreos e completarse a dispoñibilidade dos restantes segundo o esixa a execución delas.

4. Cando non resulten acreditadas as circunstancias a que se refire o apartado anterior ou o director da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas, quedará suspendida a súa iniciación, facéndoo constar na acta, ata que o órgano de contratación adopte a resolución procedente en virtude das facultades que lle atribúe a lexislación de contratos das administracións públicas. Mentres non sexa ditada esta resolución quedará suspendida a iniciación das obras dende o día seguinte ao da sinatura da acta. A partir de dita data computarase o prazo de catro meses a que se refire o artigo 245, parágrafo b) da LCSP, sen prexuízo de que, se fosen superadas as causas que impediron a iniciación das obras, se ditase acordo polo que se autoriza o seu comezo. Este acordo, notificaráselle ao contratista e o prazo de execución computará dende o día seguinte ao de tal notificación.

5. O disposto no apartado anterior aplicarase igualmente cando o contratista formulase reservas no acto de comprobación do replanteo. Non obstante se tales reservas resultasen infundadas, a xuízo do órgano de contratación, non quedará suspendida a iniciación das obras nin, en consecuencia, será preciso ditar novo acordo para que se produza o inicio delas e se modifique o cómputo do prazo para a súa execución.

6. A acta de comprobación do replanteo reflectirá a súa conformidade ou desconformidade respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poida afectar o cumprimento do contrato.

7. Revisarase que o contratista achega o certificado ou copia do seguro a todo risco de construción e seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais establecidos na

cláusula 9.6.4.5 de condicións especiais de execución; así como a declaración dos subcontratos que ten intención de celebrar de conformidade co establecido na cláusula 9.12.

Á vista dos resultados da comprobación do replanteo, procederase nos termos previstos nos apartados anteriores, no caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fíxese outras observacións que puidesen afectar á execución do contrato. A dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo da obra, e debe xustificalo na propia acta.

Un exemplar da acta remitirase ao órgano de contratación, outro entregarse ao contratista e un terceiro á dirección.

A acta de comprobación do replanteo formará parte integrante do contrato para os efectos da súa esixibilidade.

8. Se como consecuencia da comprobación do replanteo se deduce a necesidade de introducir modificacións no proxecto, a dirección redactará no prazo de quince días, sen prexuízo da remisión inmediata da acta, unha estimación razoada das ditas modificacións.

9. Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, a tramitación da dita modificación axustarase ás normas xerais da LCSP e do RXLCAP, en tanto no se opoña á dita lei, acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, e ordenará neste último caso a iniciación dos traballos naquelas partes non afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

### **9.3. PROGRAMA DE TRABALLO**

O contratista está obrigado a presentar, nun prazo non superior a quince días dende a formalización do contrato, un programa de traballo no cal se incluírán todos os extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP e de conformidade co disposto na cláusula 27 do prego de cláusulas xerais, aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro.

A acta de comprobación do replanteo e os prazos parciais que procedan fíxense ao aprobar o programa de traballo entenderanse como integrantes do contrato para os efectos de esixilos.

A dirección do contrato poderá acordar non cursar ás certificacións dos traballos realizados ata que o contratista presente o programa de traballo.

Na aprobación do programa de traballo poderanse introducir as oportunas adaptacións para axustarse ao importe de adxudicación, ás súas anualidades se é o caso, así como ás datas de formalización, sempre que non sexan contrarias á documentación contractual. Aprobado o programa de traballo, entenderase incorporado ao contrato, e practícarase, de ser o caso, o correspondente reaxuste de anualidades.

O programa de traballo aprobado poderá ser modificado nos casos seguintes:

- a) Cando se modifique o contrato de conformidade cos artigos 203 e seguintes da LCSP.
- b) Por instancia do contratista, co fin de desenvolver os traballos coa maior celeridade da prevista no programa de traballos aprobado, coa conformidade previa da dirección de obra e sempre que sexa aprobada polo órgano de contratación en función das disponibilidades orzamentarias.
- c) Por atrasos na execución da obra por causas non imputables ao contratista que fagan necesario un reaxuste de anualidades e/ou unha ampliación do prazo total fixado para o seu desenvolvemento, así como cando se levante a suspensión da execución do contrato acordada polo órgano de contratación.
- d) Calquera outra causa recollida na LCSP e nos seus regulamentos de desenvolvemento que afecte ao plan de traballo.

#### **9.4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS**

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes e sufragar os gastos aos que se refire a cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas xerais, aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro.

De acordo coas instrucións do órgano de contratación e atendendo ás características da obra, o contratista situará nesta os carteis que este lle indique. A súa subministración e colocación correrá por conta do contratista dentro do orzamento de adxudicación das obras.

#### **9.5. ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS**

Deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 41, do 29 de febreiro de 2000), así como cumprir o disposto na Lei 10/2014, do 3 decembro, de accesibilidade e a demais lexislación vixente nesta materia.

#### **9.6. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES**

##### **9.6.1. Aboamentos ao contratista**

O contratista terá dereito ao aboamento, de conformidade cos prezos pactados, das obras que realmente execute con suxeición ao contrato outorgado e ás súas modificacións, se as houbese.

Para os efectos do pagamento, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo que se sinala no artigo 198.4 da LCSP, coas consideracións que recolle a disposición adicional trixésimo segunda da lei.

Neste sentido, a Administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada durante o devandito período de tempo.

O aboamento destas certificacións en ningún caso terá o concepto de recoñecemento pola Administración de cumprimento da obrigación do contratista, nin de entrega total ou parcial das obras, nin liberarán por conseguinte ao contratista do cumprimento total das súas obrigas, e non teñen polo tanto a consideración xurídica de pagamento por cumprimento, senón de anticipo a conta.

Os aboamentos ao contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagamentos a conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprende.

Nos supostos nos que a Administración se demore no pagamento haberá que aterse ao disposto no artigo 198.4 da LCSP, tendo en conta que o xuro de demora se calculará sobre o importe da obriga pecuniaria principal, excluído o IVE e os demais tributos, taxas e impostos que graven a operación.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente. Malia o anterior, non terá dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Polo tanto, os dereitos que os artigos 198 e 240 da LCSP e a cláusula 53 do prego de cláusulas administrativas xerais (Decreto 3854/1970) lle conceden ao contratista non se aplicarán partindo das datas das certificacións como base para o cómputo do tempo de demora no pagamento, senón da época na que debeu ser satisfeito.

Poderanse verificar aboamentos a conta, logo de petición do contratista, por instalacións, almacenamento de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións e coas garantías que se determinan nos artigos 198 e 240 da LCSP e 155 a 157 RXLCAP e de acordo coas cláusulas 54 a 58 do prego de cláusulas administrativas xerais (Decreto 3854/1970).

Coa primeira certificación de obra, o contratista deberá achegar o xustificante de pagamento de todas as taxas e impostos que sexan necesarios para a execución do contrato, de xeito tal que non se procederá ao pagamento desa certificación mentres non se cumpra coa dita obriga.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. Asemade, de conformidade co artigo 243.3 da LCSP e 169 do RXLCAP, o pagamento das obrigas pendentes á liquidación do contrato deberá efectuarse nun prazo de sesenta días contados a partir da contestación do contratista á proposta de liquidación o do transcurso do prazo establecido para tal fin.

Se a Administración se demorase no pagamentos anteriormente referidos, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento dos prazos establecidos pola normativa vixente os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE núm. 314, do 30 de decembro).

En todo caso, para que se inicie o cómputo do prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura perante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, de acordo co establecido no artigo 198 da LCSP. En todo caso, se o contratista incumprise o prazo para presentar a factura perante o rexistro administrativo, a devindicación de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobe a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.

No suposto en que concorran circunstancias especiais de índole orzamentaria e/ou técnica debidamente acreditadas no expediente, o órgano de contratación poderá autorizar a expedición de certificacións parciais que serán tramitadas e aboadas de conformidade coas condicións establecidas na presente cláusula.

### **9.6.2. Facturación electrónica**

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e segundo o previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico), agrupacións de interese económico europeas (Regulamento CEE núm. 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

As facturas electrónicas emitidas presentaranse no Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF).

O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O rexistro contable de facturas estará integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obrigação.

A información sobre este será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

O contratista que non estea obrigado a emitir a factura electronicamente terá a obrigação de presentar a factura expedida perante o órgano de contratación, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da prestación do servizo.

Para o aboamento do prezo da obra emitirase unha factura que se presentará acompañada da documentación acreditativa valorada da actividade realizada, que indicará cada tipo de actividade realizada e o total de horas empregadas.

O pagamento realizarase polo importe establecido e acreditado, mediante a correspondente conformidade do xestor do contrato.

No anexo V do presente prego recóllense datos e información que se terán en conta na facturación electrónica.

### **9.6.3. Transmisión dereitos de cobro**

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobro fronte á Administración poderán cedelo de acordo a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que a cesión dese dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á Administración do acordo de cesión por parte do contratista.

A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos polo contratista quedará condicionada ao cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se

poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

#### **9.6.4. Obrigas do contratista**

##### **9.6.4.1. Director das obras**

O órgano de contratación deberá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato ou director das obras, quen supervisará a súa execución e comprobará que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e adoptará as decisións e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

En particular, o director das obras levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización da obra executada, axustándose ao establecido no RXLCAP e ao disposto nas cláusulas 4 e 21 do prego de cláusulas administrativas xerais (Decreto 3854/1970).

##### **9.6.4.2. Obrigas laborais e sociais**

O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. O dito persoal dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, e a Administración contratante é de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá ser alegado ningún dereito polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin exixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigacións existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O/a adxudicatario/a comprométese a retribuír adecuadamente o persoal destinado ao contrato de obra, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará pola obra.

O/a adxudicatario/a queda obrigado/a, respecto do persoal destinado á obra, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. Así mesmo, promoverá condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a Administración contratante.

#### **9.6.4.3. Autorizacións e licenzas**

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolvida. En especial, contará coas cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións, equipos na execución do obxecto do contrato, correndo da súa conta o pagamento dos dereitos e indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, e deberá indemnizar á Administración polos danos e perdas que se lle causen por tal concepto.

#### **9.6.4.4. Execución das obras e responsabilidade do contratista**

O contratista executará as obras con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, ao proxecto e mais ao programa de traballo que serve de base ao contrato e consonte as instrucións que, en interpretación técnica deste, dese o director de obra ao contratista. No suposto de que as ditas instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito coa maior brevidade posible para que sexan vinculantes para as partes.

Con anterioridade ao comezo da execución das obras, o contratista deberá presentar o plan de seguridade e saúde segundo o disposto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Será responsabilidade do contratista a custodia dos libros de ordes e incidencias, entregados pola dirección das obras e debidamente dilixenciados, o libro relativo á subcontratación, se é o caso, o proxecto básico e de execución e tanta documentación sexa, así mesmo, necesaria para o correcto desenvolvemento da execución das obras.

O contratista deberá cumprir durante a execución do contrato a normativa legal e regulamentaria ambiental que resulte de aplicación, e é responsable de calquera tipo de sanción ou indemnización derivada do seu incumprimento.

A actividade obxecto do contrato non poderá causar un prexuízo significativo ("*do no significant harm*") aos obxectivos ambientais nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 e restante normativa de aplicación.

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño (DOG núm. 125, do 30 de xuño), se a execución das obras se realiza en épocas de alto risco de incendios (as así declaradas pola dirección xeral competente en materia forestal) nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredados daqueles e se nela se utiliza maquinaria non forestal nin agrícola ou ferramentas que poidan producir faíscas ou soldaduras de calquera tipo, o contratista deberá remitirlle á dirección xeral competente en materia forestal, nun prazo de dez días hábiles anteriores ao comezo efectivo das obras, unha memoria explicativa dos traballos e as medidas previstas de prevención e extinción de incendios. Se non se manifestase oposición por parte da dita dirección xeral, poderase comezar a obra no prazo sinalado, sen prexuízo da responsabilidade en que se poida incorrer no caso de incumprimento das medidas comunicadas.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista será responsable dos defectos que na construción da obra se poidan observar.

Cando a xuízo do director da obra algunha parte desta estivese mal executada, o contratista esta obrigado a volver a realizala sen custo ningún para a Administración.

Consonte establece o artigo 196 da LCSP, o adxudicatario será responsable de indemnizar todos os danos e perdas causados a terceiros, tanto por si mesmo como polo seu persoal ou por medios dependentes dese persoal, e que sexan consecuencia da realización das operacións que requira a execución do contrato, agás que os ditos danos ou perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa duna orde da Administración, a cal deberá constar por escrito, ou sexan producidos como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado pola Administración.

Igualmente, se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o termo de quince anos, contados desde a recepción.

Segundo o artigo 8 da Lei 32/2006, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE núm. 250, do 19 de outubro), na fase de execución de contrato, con carácter previo ao inicio da súa intervención no acto de subcontratación, é obrigatorio que os contratistas estean inscritos no Rexistro de Empresas Acreditadas (REA). Neste caso, o contratista deberá dispor, así mesmo, dun libro de subcontratación en obra, onde reflectirá, por orde cronolóxica desde o comezo dos traballos, todas e cada unha das subcontratacións realizadas nunha determinada obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos, o seu nivel de subcontratación e a empresa comitente, o obxecto do seu contrato, a identificación da persoa que exerce as facultades de organización e enderezo de cada subcontratista e, se é o caso, dos representantes legais dos traballadores dela, as respectivas datas de entrega da parte do plan de seguridade e saúde que afecte a cada empresa subcontratista e traballador autónomo, así como as instrucións elaboradas polo coordinador de seguridade e saúde para marcar a dinámica e desenvolvemento do procedemento de coordinación establecido e as anotacións

efectuadas pola dirección facultativa sobre a súa aprobación de cada subcontratación excepcional.

Tal e como se recolle no regulamento que desenvolve a mencionada lei, este libro será habilitado pola autoridade laboral correspondente ao territorio onde se execute a obra.

O contratista estará obrigado a comunicar a información que lle solicite a Administración nos aspectos relacionados coa execución dos traballos e, en especial, no recollido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cando sexa de aplicación.

O plan de calidade ofertado na proposición técnica como autocontrol das obras por parte do contratista servirá para garantir a calidade de execución das obras, e cuxos resultados deberán ser achegados ao director da obra. Este plan poderá adaptarse ás distintas vicisitudes e/ou modificacións da obra a xuízo do director de obra respectándose en último termo o importe que se indicaba no apartado concreto da oferta contida na proposición técnica.

Así mesmo, o contratista deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público da actuación por parte do órgano de contratación, a Xunta de Galicia e o programa operativo, segundo o establecido no apartado no apartado K.3 do cadro de características do contrato.

#### **9.6.4.5. Obrigas relativas as actuacións de control da aplicación dos fondos públicos**

O contratista deberá:

- a) Conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento da actuación contratada en formato electrónico durante un prazo mínimo de cinco anos a partir da recepción do último pagamento. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 €.
- b) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectúe o órgano concedente e facilitar toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, ou os órganos/regulamentos que os substitúan.
- c) Someterse a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poida realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas, o Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea, a Fiscalía Europea e a Oficina de Lucha contra el Fraude e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como as verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Consello, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo ou, se é o caso, as actuacións de control previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para tal fin, deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao contratista en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control, polo menos, durante o período establecido no apartado K.3 do cadro de características do contrato. O órgano convocante informará da data de inicio a que se refire esta obriga, tras a oportuna comunicación da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

d) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos derivados da execución do contrato, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con este tipo de fondos de recuperación.

e) No suposto de que o contrato se financie con recursos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, declarar o seu compromiso de cumprir os principios transversais establecidos no plan e que puidesen afectar ao ámbito obxecto da xestión, empregando para o efecto o modelo do anexo VIII.

#### **9.6.4.6. Condicións especiais de execución**

Para os efectos do artigo 202 da LCSP, terán a consideración de condicións especiais de execución do contrato as seguintes:

##### **1. Adscrición de medios**

O adxudicatario estará obrigado a manter adscritos á execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán á disposición todos aqueles medios persoais e materiais que fosen recollidos na súa oferta (ou substituídos por outros equivalentes coa conformidade da dirección de obra, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, os medios comprometidos, de ser o caso, recollidos no cadro de características de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.

##### **2. Seguro a todo risco de construción**

Antes do inicio das obras e durante o prazo de execución, o contratista deberá ter subscrito un seguro a todo risco de construción por unha suma asegurada igual ao importe de adxudicación (IVE excluído).

Poderá cumprirse esta condición mediante a extensión ao presente contrato dunha póliza aberta ou programa a todo risco de construción que xa tivese concertado a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada esixida no parágrafo anterior e así se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante.

Antes de subscribir a acta de comprobación do replanteo, verificarase o cumprimento desta obriga.

### 3. Seguro de responsabilidade civil

Antes do inicio das obras e durante o prazo de execución, o contratista deberá ter subscrito un seguro de responsabilidade civil coas seguintes garantías a modo enunciativo e non limitativo de explotación, patronal, cruzada, postraballos ou traballos terminados, e pola suma asegurada que se indica a continuación en función do orzamento de licitación (IVE excluído).

- Un límite por sinistro mínimo de 1.000.000 € para obras de orzamento de licitación igual ou inferior a 10.000.000 €.

- Un límite por sinistro mínimo de 3.000.000 € para obras de orzamento de licitación superior a 10.000.000 €.

O órgano de contratación deberá figurar como asegurado adicional sen perder a súa condición de terceiro.

Cando o adxudicatario sexa unha UTE o seguro será subscrito pola UTE pola totalidade do importe esixido anteriormente, ou por todas as empresas que a compoñan, cada unha delas, pola totalidade do importe esixido anteriormente.

Poderá cumprirse esta condición mediante a extensión ao presente contrato do seguro de responsabilidade civil que xa tivese concertado a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada esixida e así se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante.

Antes de subscribir a acta de comprobación do replanteo, verificarase o cumprimento desta obriga.

### 4. Obrigas de carácter social e laboral

O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:

a) Empregar na execución do contrato unha porcentaxe de traballadores fixos igual ou superior ao 20 % do total de persoal.

O adxudicatario controlará a observancia desta condición por parte dos subcontratistas, cuxos datos computarán conxuntamente cos do adxudicatario para os efectos do seu cumprimento.

b) O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación segundo o caso. Especialmente, e

cando proceda por estar recollido en calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obrigación de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.

c) Executar a obra cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción das ditas normas, entenderase incumprido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución da obra e durante a vixencia do contrato, se impuxesen pola autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución, de conformidade co establecido na cláusula 10.7.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia veñan contempladas na súa oferta.

#### 5. Obrigas de carácter medioambiental

O adxudicatario executará a obra cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción das ditas normas, entenderase incumprido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución da obra e durante a vixencia do contrato, se impuxesen pola autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación ambiental e protección de medio ambiente. Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de conformidade co establecido na cláusula 10.7.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia veñan contempladas na súa oferta.

#### 6. Obrigas en materia de subcontratación

O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguintes da LCSP.

Antes de subscribir a acta de comprobación do replanteo, verificarase que existe unha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar os subcontratos, que sinala a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, que contan coa capacidade e aptitude para executala e que non se atopan incursos en prohibición de contratar.

#### 7. Obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal

No caso de que durante a execución do contrato se requira o tratamento polo contratista de datos persoais, terán o carácter de condicións esenciais do contrato as recollidas na cláusula 9.6.4.5. deste prego.

#### 8. Obrigas relativas ao cumprimento do prazo e prazos parciais

O prazo máximo previsto pola Administración para a execución das obras estará fixado no cadro de características e terá, en todo caso, carácter de prazo máximo.

Cando o prazo de execución constitúa un criterio de adxudicación do contrato obxecto de valoración, o incumprimento deste por parte do contratista determinará a imposición de penalidades de acordo co establecido na cláusula 9.14. do presente prego e, de ser o caso, a resolución do contrato.

Así mesmo, cando se establezan prazos parciais de execución das obras como criterio de adxudicación e fosen obxecto de valoración, o incumprimento destes por parte do contratista determinará a imposición de penalidades de acordo co establecido na cláusula 9.14 do presente prego e, de ser o caso, a resolución do contrato.

#### **9.6.4.7. Propiedade e explotación dos traballos**

O contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e son responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións a el imputables.

A cesión abrangue todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.; todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

O contratista non poderá usar o dito material, nin publicar, divulgar ou proporcionar a terceiros ningún dato ou documento procedente dos traballos de non mediar autorización expresa e por escrito da Administración propietaria, obrigándose a resarcir a esta polos prexuízos que se lle causen.

A Administración contratante reserva para si en exclusiva o dereito de explotación dos traballos encargados ao adxudicatario, ao que lle queda prohibido calquera tipo de explotación, agás cando medie unha autorización da Administración contratante e nos termos nos que se recolla no dito título administrativo.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que derive desta.

O prezo pola cesión destes dereitos encóntrase comprendido no da licitación e a Administración contratante non está obrigada a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A execución do contrato comporta a cesión á Administración contratante do dereito de uso dos ditos produtos, e esta pode, ademais, autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3.1 da LCSP.

#### **9.6.4.8. Gastos esixibles ao contratista**

Serán por conta do contratista:

- Os gastos e impostos da formalización do contrato, de ser o caso, así como as taxas, impostos por prestación dos traballos facultativos do replanteo, dirección, inspección, execución e liquidación e calquera outro que resultase de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.
- Os gastos e taxas derivads da realización das xestións referidas ás instalacións complementarias ou á redacción e tramitación de proxectos de instalacións e de acometidas de obra, que fosen necesarias efectuar perante os organismos competentes para efectos da obtención da alta e permiso de funcionamento delas, aínda cando fosen solicitadas a nome da persoa ou da entidade que o órgano de contratación designe.
- Os gastos derivados de impostos, licenzas, autorizacións, permisos e requirimentos establecidos nas normas e ordenanzas municipais e de calquera outro organismo ou entidade pública ou privada que sexan necesarios para a iniciación, desenvolvemento e remate da execución do contrato, así como para a entrega ao uso ou servizo que corresponda das obras.

En concreto, a taxa e o imposto a liquidar pola licenza de obra emitida polo concello será aboada directamente polo promotor e repercutido á empresa construtora. Esa cantidade será descontada da primeira certificación emitida (ou das seguintes se non fose suficiente a primeira), polo que o importe líquido a percibir será inferior á factura emitida no valor correspondente ao importe da taxa e imposto pola licenza de obra.

- Igualmente o contratista asumirá os gastos derivados da información ao público sobre do inicio e remate da obra. Estas actividades informativas terán lugar por medio de valos tipo, así como a través daqueles medios de comunicación que se determinen no cadro de características, para o que se terá en consideración a natureza da obra e o importe do

investimento e sempre circunscritas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Cando concorran circunstancias que así o xustifiquen, o órgano de contratación poderá dispoñer a ampliación da difusión de determinados aspectos da execución da obra mediante outros medios.

Como mínimo, as referidas actividades informarán de xeito suficientemente indicativo dos treitos que se poñan en servizo e das súas características e deberán ser realizadas seguindo as indicacións que proporcione a Administración.

De estar a contratación cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou no marco da financiación REACT-UE, o contratista estará obrigado ao cumprimento dos requisitos de información e publicidade que, en execución do contrato, se deriven do cofinanciamento europeo da actuación obxecto do presente prego e as ditas actividades de información e publicidade deberá levalas a cabo á súa custa de conformidade co previsto na normativa comunitaria de aplicación na materia.

A información acerca do programa comunitario, do fondo europeo, da taxa de cofinanciación en porcentaxe e dos demais datos que correspondan consideraranse integrados no texto do presente prego de contratación coa indicación expresa deles no correspondente cadro de características do contrato como parte inseparable deste prego, sen prexuízo da súa mención nos trámites que se consideren oportunos.

Así mesmo, en cumprimento das obrigas esixidas pola normativa comunitaria nas distintas actividades de información, publicidade e comunicación, o contratista deberá cumprir o previsto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello. Especialmente, o adxudicatario do contrato terá en conta, do anexo XII, as responsabilidades determinadas respecto da información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos europeos dispostas no apartado 2.2 relativo ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público e no Regulamento (UE) núm. 1301/2013 Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006; así como no que se dispoña na normativa de desenvolvemento e execución destes regulamentos como o previsto no Regulamento de execución (UE) núm. 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm.1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. Tamén será de aplicación o recollido no Real decreto lei 21/2020,

do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Os gastos derivados das actividades de información mencionadas nos parágrafos anteriores non poderán superar en ningún caso o un por cento (1 %) do orzamento base de licitación.

Tamén serán por conta do contratista os gastos de ensaios de control de calidade, tanto os relativos o seu propio autocontrol ofertado como os de contraste e produto terminado realizados para a Administración, segundo establece a cláusula 38 do prego de cláusulas administrativas xerais (Decreto 3854/1970). Estes últimos ensaios de contraste serán ordenados e contratados pola Administración contratante e o importe en que se incorra por parte da Administración contratante será repercutido á empresa unha vez que finalicen as obras e logo da comunicación que se fará ao contratista para que efectúe o seu ingreso na conta que se notifique da Administración contratante no prazo de quince días hábiles.

## **9.7. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

O contratista está obrigado a cumprir o prazo de execución do contrato que se recolle no apartado C do cadro de características do presente prego.

Asemade, tamén estará obrigado a cumprir os prazos de execución parciais que así se establezan apartado C do cadro de características do presente prego e, así mesmo, os que o contratista teña ofertado.

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, o dito prazo de execución poderá ampliarse cando o contratista non poida cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

A posibilidade de ampliación do prazo do contrato rexerese polo disposto na LCSP e demais normativa de aplicación, en particular polo artigo 195.2 da LCSP, coas limitacións establecidas no artigo 29.

Se, chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, na contía prevista no artigo 193 da LCSP.

Conforme o artigo 99 RXLCAP, o importe destas penalidades farase efectivo mediante a súa dedución nas certificacións de obras ou, de ser o caso, da garantía e sen que a aplicación e pagamento das citadas penalidades exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo atraso do contratista.

A perda de garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización de danos ou perdas aos que poida ter dereito a Administración, orixinados pola demora do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, haberá que aterse ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

### **9.8. RISCO E VENTURA**

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuízo do disposto no artigo 239 da LCSP para o suposto de forza maior.

### **9.9. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO**

O adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión deste, segundo dispón o artigo 112.2 do RXLCAP, sempre que non se contradiga co establecido no artigo 133.2 da LCSP. Así mesmo haberá que aterse ao disposto neste artigo da LCSP con relación á confidencialidade da información obtida durante a execución do contrato.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, informacións e asuntos ou antecedentes aos que teña acceso, que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no desenvolvemento do contrato.

Esta confidencialidade é extensible a calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ao que figura na documentación que rexe o contrato, nin tampouco ceder a outros nin sequera para efectos de conservación.

A información recibida, así como a derivada da execución do contrato, non poderá ser obxecto de difusión, publicación ou utilización para fins diferentes dos establecidos no contrato.

A obriga de confidencialidade continuará vixente unha vez finalizado o contrato ou cando este fose resolto.

## 9.10. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O contratista obrígase a que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas recollidas no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e será, así mesmo, de aplicación a disposición adicional vixésimo quinta da LCSP e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos que formen parte do equipo de traballo serán responsables das infraccións que deriven del.

### LEXITIMACIÓN. FINALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS DO LICITADOR E/OU ADXUDICATARIO POR PARTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento consonte os decretos de estrutura orgánica da Xunta de Galicia e conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Os datos persoais que o licitador e/ou adxudicatario do contrato facilite para a participación neste procedemento de adxudicación e, se é o caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato, serán tratados, na súa condición de responsable de tratamento, pola consellería correspondente (órgano de contratación).

Máis en concreto, os referidos datos de carácter persoal serán obxecto de tratamento para o desenvolvemento das funcións atribuídas ao órgano de contratación pola normativa en materia de contratación pública. Os datos recollidos unicamente poderán ser comunicados a terceiros, ben cando colaboren directamente no cumprimento da finalidade antes indicada, ben nos supostos legalmente previstos, e, en especial, con ocasión do acceso ao expediente de contratación e do procedemento de adxudicación por parte doutros licitadores.

Os datos persoais proporcionados polo licitador e/ou o adxudicatario serán conservados mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, co fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de contratación.

No caso de que os licitantes facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar os interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Os interesados poderán acceder, suprimir e rectificar os seus datos, así como exercer outros dereitos segundo se explicita na información adicional en <https://www.xunta.gal/proteccion-de-datos>. Contacto do delegado de protección de datos (DPD): os interesados poderanse poñer en contacto co delegado de protección de datos correspondente segundo o especificado en [www.xunta.gal/proteccion-de-datos](http://www.xunta.gal/proteccion-de-datos).

### CONFIDENCIALIDADE DO LICITADOR E/OU O ADXUDICATARIO

O licitador e/ou o adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para exercer os seus dereitos, a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado a:

- utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela;
- non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, e esíxese idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que colabore con el na execución do contrato;
- facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, ao que se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a facilitou.

Considerarase información confidencial aquela á que o licitador e/ou adxudicatario acceda en virtude do presente procedemento de contratación, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

### CONDICIÓN DE ENCARGADO DO TRATAMENTO DO ADXUDICATARIO

A entidade adxudicataria, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos contratada, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPD) polo que deberá cumprir as obrigaçións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente o responsable de tratamento.
- Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

No caso de que estea permitida a subcontratación segundo o indicado nas condicións deste prego, autorízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, cumprindo en todo caso, os requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Neste caso, as entidades subcontratistas terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Ao adxudicatario ou encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...), ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable perante o órgano de contratación no referente ao cumprimento das obrigacións.

- Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que informará convenientemente. O encargado manterá á disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.
- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

– Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaición de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, por requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que os afectados soliciten o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos a través de calquera medio fidedigno de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/proteccion-de-datos>.

– No caso de que o obxecto da contratación prevexa a recollida de datos directamente polo adxudicatario, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e cumprirá en todo caso ás esixencias previstas no RXPd.

– Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXPd.

– Apoiar ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

– Implantar as previsións recollidas no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

- Utilizar pseudónimos e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

– Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigaicións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a

realización das auditorías ou as inspeccións que efectúe o responsable ou outro auditor autorizado.

– Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXP, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.

– Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, se é o caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

O órgano de contratación reserva para si o dereito de efectuar en calquera momento os controis e auditorías que considere apropiadas co fin de verificar o correcto cumprimento desta cláusula.

Para estes efectos, o responsable de tratamento poderá esixir en calquera momento a correspondente análise de risco das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco nos tratamentos de datos que se realizan. As referidas medidas poderán ser acreditadas alternativamente polo correspondente selo, certificación ou estándar.

## **9.11. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO**

Sen prexuízo dos supostos previstos na LCSP respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nos artigos 203 a 206 e na disposición adicional 33 da LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se preveu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204.

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, coa condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En particular, nos contratos financiados polo PRTR, o contrato poderá modificarse para adoptar medidas correctoras, por orde da autoridade responsable, en relación ao cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital,

así como o preceptivo cumprimento da aplicación do principio de non causar dano significativo.

En calquera outro suposto, se fose necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes, se é o caso, logo de convocatoria e substanciación dunha nova licitación pública.

#### Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

O contrato só poderá modificarse sempre que se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das circunstancias dispostas no artigo 205 de la LCSP, de acordo co procedemento de modificación do contrato regulado no artigo 191 da LCSP coas particularidades previstas no artigo 207.

#### Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación

De conformidade co establecido no artigo 204 da LCSP, establécense os seguintes supostos de modificación:

1) O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender servizos públicos esenciais, entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

### *1.1. Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas*

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20 % do prezo inicial do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución do volume de todas as prestacións obxecto do contrato, salvo que se especifiquen, se é o caso, no cadro de características e no prego de prescricións técnicas.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de no existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

### *1.2. Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato*

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, e o órgano de contratación deberá aprobar o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida en que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o que se determine no apartado P do cadro de características.

2) Igualmente, poderá modificarse o contrato naqueles outros supostos que para tal efecto se establezan no cadro de características que acompaña este prego e/ou no prego de prescricións técnicas, que detallan as condicións nas que o órgano de contratación poderá usar esta potestade, o seu alcance e límites, así como a porcentaxe do prezo do contrato á que como máximo pode afectar a modificación e o procedemento.

De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía definitiva, para os efectos do disposto no artigo 109.3 da LCSP.

Estes acordos deben ser adoptados logo de informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63. De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

## **9.12. CESIÓN E SUBCONTRATAÇÃO DO CONTRATO**

A cesión dos dereitos e obrigas deste contrato unicamente poderá levarse a cabo nos supostos en que así se indique expresamente no apartado Ñ1 do cadro de características e cos límites e condicións establecidos no artigo 214 da LCSP.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato nas condicións que se indiquen no cadro de características, de conformidade co artigo 215 da LCSP.

Así mesmo, cando a Administración llo solicite, deberá presentar unha declaración responsable do subcontratista, outorgada perante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme o artigo 71 da LCSP. No caso de contratos financiados con fondos procedentes do PRTR, presentará ademais a declaración que figura como anexo VIII deste prego asinadas polos subcontratistas, no momento da adxudicación do contrato, ou, en fase de execución deste, cando se produza a subcontratación.

Consonte o artigo 215.2.b) da LCSP, o adxudicatario está obrigado a comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, a máis tardar, cando inicie a execución do contrato, ao órgano de contratación a intención de celebrar subcontratos, e sinalará a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, e acreditando que este non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 da LCSP.

Non obstante, se así o prevé o apartado Ñ.2 do cadro de especificacións, e de acordo co contido da oferta técnica á que se refire o apartado 6.4. deste prego, o contratista deberá recoller a parte do contrato que teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, o nome ou o perfil empresarial.

En calquera caso, toda modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, así como a celebración de subcontratos con novos perfís empresariais ou para distintas partes da prestación, deberá ser comunicada ao órgano de contratación.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215 da LCSP ou o límite máximo especial que poida establecerse para a subcontratación no cadro de características, que terán o carácter de condición especial de execución, imporase a penalidade regulada no dito artigo con suxeición ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme o artigo 194.2 da LCSP.

- Como regra xeral, a súa contía será un 10 % do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 25 % ou ata o máximo legal do 50 %, respectivamente.

- O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda ao cumprimento das correspondentes condicións da subcontratación. Se, transcorrido o antedito prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo no dito acordo, persiste o incumprimento, procederá a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa.

- A reiteración no incumprimento de calquera dos requisitos establecidos para a subcontratación, aínda que afecte a subcontratos distintos, poderá terse en conta para valorar a gravidade.

Para todos os efectos establecidos no presente prego, o límite do importe máximo aplicable para a subcontratación será o establecido no cadro de características ou, cando non se indique nada, haberá que averse ao establecido na lexislación vixente.

Cada vez que as penalidades impostas neste ámbito superen un múltiplo do 5 % do prezo do contrato principal (IVE excluído) considerarase que o cumprimento destas obrigas adquire o carácter de obriga esencial e o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato.

Non obstante, aplicarase o réxime establecido no artigo 215.2, letras a) e c) da LCSP respecto dos subcontratistas identificados polo licitador para suplir a clasificación esixida para un determinado grupo.

De conformidade co artigo 217.1 da LCSP, a Administración contratante poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista adxudicatario do contrato deba facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen nel.

En tal caso, o contratista adxudicatario remitirá á Administración contratante, cando esta o solicite, unha relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento. Así mesmo, deberá achegar por solicitude da Administración contratante o xustificante de cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez rematada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigas, que se incluírán nos anuncios de licitación e nos correspondentes pregos de condicións ou nos contratos, consideraranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que para tal efecto se conteñen nos pregos, e a garantía definitiva responderá das penalidades que se impoñan por este motivo.

Para tal efecto, cando a Administración contratante teña coñecemento do incumprimento do contratista das súas obrigas cos subcontratistas ou subministradores, comprobará, de oficio ou por solicitude do interesado, o estrito cumprimento dos pagamentos do adxudicatario e requirirá ao contratista para que remita ao responsable do contrato a seguinte documentación:

A relación detallada dos subcontratistas ou subministradores que participan no contrato xunto coas condicións de subcontratación ou subministración que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

O xustificante de cumprimento dos pagamentos aos subcontratistas dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro.

Esta documentación deberá ser entregada ao responsable do contrato no prazo máximo de quince días dende que lle fose solicitada.

No caso de contratos de valor estimado superior a 5.000.000 € cuxo importe da subcontratación sexa igual ou superior ao 30 % do prezo do contrato, o contratista deberá achegar toda a documentación anterior mensualmente con cada certificación desde que se subscriban os subcontratos e se efectúen os pagamentos.

Analizada a documentación polo responsable do contrato, se este constatase o incumprimento das obrigas que ao contratista lle corresponden en relación coa subcontratación, formulará proposta de imposición da penalidade que corresponda en virtude do que a continuación se indica, ou, de ser o caso, propondrá a resolución do contrato.

As obrigas tanto de presentar a documentación como a do cumprimento dos prazos de pagamento co subcontratista considéranse condicións esenciais de execución e o seu incumprimento dará lugar á aplicación das seguintes penalidades:

a) O incumprimento da remisión da documentación dará lugar á imposición dunha penalidade do 1 % do orzamento do contrato (IVE excluído).

b) O incumprimento dos pagamentos a subcontratistas e subministradores dará lugar á imposición dunha penalidade por un importe que como mínimo será equivalente ás cantidades pendentes de pagamento do importe debido a subcontratistas e subministradores que participen ata un máximo do 10 % do prezo de adjudicación (IVE excluído), en función das circunstancias concretas detectadas (gravidade, período de morosidade, reiteración, etc.).

As penalidades a que se refire esta cláusula faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, se é o caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das devanditas certificacións conforme o artigo 194.2 da LCSP.

Así mesmo, se os incumprimentos dos pagamentos a subcontratistas e subministradores, illada ou conxuntamente, acadan un importe igual ao 10 % do prezo do contrato (IVE excluído), terán a condición de obriga esencial do contrato e o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste.

Consonte o artigo 215.4 da LCSP, os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, consonte os pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato; incluído o cumprimento das obrigas en materia medioambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201, así como da obriga á que fai referencia o último parágrafo do apartado 1 do artigo 202 referida ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refiren as letras b) e c) do apartado 2 deste artigo, ou a autorización que outorgue no suposto previsto na letra d) do dito apartado, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

### **9.13. SUSPENSIÓN DO CONTRATO**

Se a Administración acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencia sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista, se for o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme o disposto nos números 2 e 3 do artigo 313 da LCSP.

## 9.14. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO E PENALIDADES

### 9.14.1. Penalidades

Consonte a LCSP, establécense como penalidades específicas as seguintes:

#### 1. Por incumprimento do prazo total e/ou prazos parciais

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais das distintas unidades de obra sinalados no programa de traballo aprobado polo órgano de contratación.

Se, chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, de conformidade co previsto no artigo 193 e seguintes da LCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, haberá que averse ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

A contía da penalidade calcularase sobre unha porcentaxe do prezo do contrato (IVE excluído) que será establecida no apartado O do cadro de características do presente prego.

#### 2. Por incumprimento das condicións especiais de execución

O incumprimento das condicións especiais de execución establecidas neste prego e na letra K do cadro de características dará lugar á imposición ao contratista da seguinte penalidade:

A contía da penalidade calcularase sobre unha porcentaxe do prezo do contrato (IVE excluído) que será establecida no apartado O do cadro de características do presente prego.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para cumprir as condicións especiais. Se, transcorrido o antedito prazo, ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non recolla ningún prazo no dito acordo, procederá a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.

### 3. Por cumprimento defectuoso

O órgano de contratación poderá impoñer penalidades no suposto de cumprimento defectuoso da prestación por causas imputables ao contratista, segundo os seguintes supostos:

a) O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato segundo o establecido na documentación que rexe o contrato, ou en termos diferentes dos contractuais, especialmente segundo o ofertado polo adxudicatario.

b) A non comunicación inmediata á dirección do contrato de incidencias que puidesen producirse durante o desenvolvemento da execución da prestación do contrato. Consideraranse de especial gravidade no momento de graduar a penalidade, entre outras, aquelas omisións de comunicacións de incidencias que impliquen paralización de traballos, prexuízos no desenvolvemento da prestación, danos a terceiros ou incidencias que sexan, pola súa natureza ou entidade, susceptibles de ocasionar as consecuencias negativas anteriores. Non será necesario neste caso específico, para iniciar o procedemento de imposición de penalidades, a intimación previa ao contratista por parte da Administración.

c) A desobediencia das ordes da dirección do contrato ou accións ou omisións do contratista que alteren de xeito notorio a regularidade da execución do contrato.

A contía da penalidade calcularase sobre unha porcentaxe do prezo do contrato (IVE excluído) que será establecida no apartado O do cadro de características do presente prego.

O cumprimento defectuoso polo adxudicatario poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda ao cumprimento das condicións especiais. Se, transcorrido o antedito prazo, ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non recolla ningún prazo no dito acordo, procederá a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.

### 4. Por incumprimento parcial do contrato

Consonte o establecido no artigo 192 da LCSP, cando o contratista incumprise, por causas que lle sexan imputables, as prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades.

Entenderase por incumprimento parcial a non realización de calquera das prestacións, actividades e/ou traballos recollidos no contrato e, especialmente, as recollidas na oferta

presentada polo adxudicatario, sempre que non estean incluídas especificamente nalgúns dos apartados anteriores.

A contía da penalidade calcularase sobre unha porcentaxe do prezo do contrato (IVE excluído) que será establecida no apartado O do cadro de características do presente prego.

O cumprimento defectuoso polo adxudicatario poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para cumprir as condicións especiais. Se, transcorrido o antedito prazo, ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non recolla ningún prazo no dito acordo, procederá a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.

5. Por incumprimento das obrigas, requisitos e limitacións establecidas en materia de subcontratación

No suposto de que se verifiquen incumprimentos polo contratista de calquera das obrigas, requisitos e limitacións dispostas en materia de subcontratación haberá que averse ao réxime establecido na cláusula 9.12 deste prego.

6. Para o caso contratos con financiamento derivado do PRTR, por incumprimento dos fitos e obxectivos do PRTR aos que se vincula a execución do contrato

Para os supostos de contratos con financiamento derivado do PRTR, e tendo en conta o prexuízo derivado dos incumprimentos dos fitos e obxectivos do PRTR aos que se vincula a execución do contrato, poderán establecerse penalidades sobre unha porcentaxe do prezo do contrato se así se indica no apartado O do cadro de características deste prego.

### **9.14.2. Procedemento**

Salvo nos casos en que, segundo o indicado no presente prego, non se necesite intimación previa por parte da Administración, requirirase ao contratista o cumprimento inmediato das disposicións do contrato, previamente á incoación do procedemento de imposición de penalidades. No suposto de non atender o requirimento ou transcorrido o prazo nel establecido para regularizar a situación sen facelo, incoarase o procedemento de imposición de penalidades.

As penalidades que correspondan imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, dirección do contrato ou técnico correspondente, e serán inmediatamente executivas facéndose efectivas mediante a súa dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, se é o caso, se constituíse, cando non poida deducirse dos ditos pagamentos.

A imposición das penalidades será proporcional á gravidade dos incumprimentos e para a súa gradación, que deberá ser motivada, valoraranse, ademais dos criterios sinalados de xeito concreto para algún dos supostos, circunstancias como as causas que orixinaron os incumprimentos, a intencionalidade do contratista e a súa disposición para a regularización da situación, os prexuízos xerados, a interferencia ou os riscos que o incumprimento ocasione na execución da prestación do contrato, o feito de ter sido penalizado dentro do ámbito do contrato con anterioridade polas mesmas circunstancias ou por calquera outro feito, circunstancias ou aspectos que poidan considerarse relevantes atendendo ao caso concreto.

En todo caso a gradación da penalidade e, polo tanto a súa contía, terá en conta que non sexa inferior ao beneficio obtido polo contratista ao incorrer en calquera das causas polas que cabe a imposición das penalidades.

Por último, as contías de cada unha das penalidades impostas polas causas sinaladas na cláusula anterior, coa excepción do incumprimento do prazo total e/ou prazos parciais e as establecidas en materia de subcontratación, non poderán ser superiores ao 10 % do prezo do contrato (IVE excluído), nin o total delas superar o 50 % do prezo o contrato.

En todo caso, nos supostos en que non estea prevista unha penalidade ou en que, estando prevista esta non cubrise os danos causados á Administración, esta exixirá ao contratista a indemnización por danos e perdas.

## **10. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

De conformidade co disposto no artigo 209 da LCSP, o contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.

### **10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando realizase, de acordo cos termos contractuais e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

Cunha antelación de corenta e cinco días hábiles, o contratista comunicarlle por escrito á dirección de obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, co gallo de que se poida levar a cabo a súa recepción.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes da obra susceptibles de ser executadas por fases e que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato.

Consonte establece o artigo 243.6 da LCSP, sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran as ditas

circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das obras e nos termos en que regulamentariamente se establezan.

A recepción e liquidación efectuarase nos termos e coas formalidades establecidas nos artigos 210 e 243 da LCSP e 163 do RXLCAP, e nas cláusulas 71 e seguintes do prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado (Decreto 3854/1970).

No suposto de que, por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, total ou parcialmente, produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das obras total ou parcial, respectivamente.

## **10.2. GARANTÍA DA OBRA REALIZADA**

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que leve a cabo e das prestacións e obras realizadas.

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indica no apartado D do cadro de características do contrato, ou o que, se for o caso, se establecese no contrato por mellora do adxudicatario, contado desde a data de recepción ou de conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas.

Excepcionalmente, non se esixirá o prazo de garantía naquelas obras cuxa perduración non teña finalidade práctica, como as sondaxes e prospeccións que teñan resultado infrutuoso ou que, pola súa natureza, esixan traballos que excedan do concepto de simple conservación, como os de dragados.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras cos efectos sinalados nos artigos 243.3 da LCSP e 169 do RXLCAP.

Durante o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que poidan advertirse na construción e queda obrigado, en todo caso, á conservación e policía das obras segundo o previsto no prego de prescricións técnicas particulares e nas instrucións que dite o director da obra.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas farase constar na correspondente acta e o director das obras sinalará os defectos observados e as instrucións impartidas para a súa corrección, e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non o fixese, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato, segundo establece o artigo 243.2 da LCSP.

Se se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra, a Administración executará á custa do contratista, os traballos necesarios para evitar o dano, segundo dispón o artigo 167.2 do RXLCAP.

Durante o prazo de garantía, de conformidade co artigo 167.1 do RXLCAP, o contratista coidará en todo caso da conservación e policía das obras, de acordo co previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

No suposto de que, por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, haberá que aterse ao establecido no artigo 243.6 da LCSP.

De acordo co establecido no artigo 311 da LCSP, no tocante ao servizos necesarios para a execución da obra, o contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a emenda, pola súa conta, de todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que poidan derivar das responsabilidades en que puidese ter incorrido.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia referida, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 314 e 315 da LCSP sobre emenda de erros e responsabilidades nos contratos que teñan por obxecto a elaboración de proxectos de obras.

### **10.3. CONSERVACIÓN DAS OBRAS**

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación e policía das obras durante o período de garantía, ou de ampliación deste segundo o artigo 243.3 da LCSP, serán por conta do contratista, que non ten dereito a indemnización ningunha por este concepto.

### **10.4. DESPEXE FINAL DAS OBRAS**

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán á restituírse a súa situación inicial antes da recepción destas.

## **10.5. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, se for o caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do contrato ou de quen exerza a dirección do contrato.

No suposto de recepción parcial, autorizarase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, logo de solicitude do contratista.

Transcorrido o prazo dun ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederáse, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 111 da LCSP.

## **10.6. RESPONSABILIDADE POSTERIOR DO CONTRATISTA**

Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas durante o termo de quince anos contados dende a recepción da obra.

Transcorrido o dito prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista.

## **10.7. RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 211 e 245 da LCSP, porén, no caso de contratos financiados con cargo ao PRTR, as causas de resolución do contrato previstas nas letras d) e f) do artigo 211.1 da LCSP unicamente serán de aplicación nos supostos nos que a resolución do contrato non supoña un prexuízo significativo para a entidade contratante, tendo en conta o atraso que a resolución do contrato pode supor.

O órgano de contratación acordará a súa resolución, de oficio ou por instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta a audiencia a este e cos efectos previstos nos artigos 213 e 246 da LCSP e 110 a 113 e 172 do RXLCAP.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 211.1.f) do LCSP, consideraranse obrigas contractuais esenciais, con efectos de resolución do contrato as seguintes:

a) A vulneración polo adxudicatario das obrigas e limitacións que o presente prego lle impón en materia de cesión e subcontratación e concretamente o incumprimento por

parte do contratista das súas obrigas en relación co artigo 217 nos termos recollidos na cláusula 9.12 deste prego e/ou no apartado K.2 do cadro de características..

b) A interrupción ou o abandono da execución de calquera das prestacións obxecto do contrato por causa imputable ao contratista. Entenderase abandonada a execución das prestacións cando a prestación que corresponda deixe de desenvolverse totalmente ou non se desenvolverse en parte coa regularidade axeitada para a normal execución do contrato, de acordo co establecido na documentación que rexe o contrato e logo de requirido ao contratista para a reanudación da prestación, esta non se produza ou non se obteña contestación ao requirimento efectuado.

c) O non comezo da execución dos traballos incluídos no contrato co persoal cos requisitos e coa dedicación necesarias nun prazo inferior a cinco días hábiles dende a data de inicio do prazo específico de execución correspondente ou a non asignación, durante a execución do contrato, do persoal necesario cos requisitos pertinentes para realizar os traballos por un prazo maior de cinco días hábiles dende que lle sexa requirido ao contratista.

d) A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte do contratista para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión do traballo recoñecidas á Administración no presente prego, previamente advertidas por escrito. Así mesmo, poderán motivar a resolución do contrato, a xuízo do órgano de contratación, as reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción da súa execución.

e) A Administración poderá resolver o contrato por incumprimento reiterado do proxecto de obras. A apreciación da reiteración requirirá a advertencia escrita previa ao contratista.

f) O incumprimento da oferta presentada polo adxudicatario no procedemento de licitación e, en concreto, o contido do arquivo electrónico B considérase obriga contractual esencial. A apreciación do incumprimento requirirá a advertencia escrita previa ao contratista.

g) Cando a imposición de penalidades por calquera das causas previstas na cláusula 9.14, conxunta ou individualmente, superen un múltiplo do 10 % do prezo do contrato principal (IVE excluído), con excepción das establecidas en materia de subcontratación que se rexerán segundo o establecido na cláusula 9.12 e das establecidas polo incumprimento do prazo total e/ou dos prazos parciais que se rexerá polo establecido na cláusula 9.7.

h) A renuncia expresa á realización da obra nos termos contratados.

i) Nos casos en que se exixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo a que se refire a cláusula 9.9, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

j) Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato a que se atribúe neste prego ou no apartado K.2 do cadro de características, o carácter de obrigaón contractual esencial para os efectos do artigo 211.1.f), cando previamente se teña imposto a correspondente penalidade pola mesma causa (artigo 202 da LCSP).

k) Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato en materia de protección de datos de carácter persoal á que se atribúen o carácter de obrigaóns esenciais do contrato no presente prego ou no apartado K.2 do cadro de características, para os efectos do artigo 211.1.f) (artigo 202 da LCSP).

## **11. RÉXIME DE CONTROL**

Os adxudicatarios do contrato someteranse ás actuacións de control, incluída a consulta aos sistemas de información, que realice o órgano convocante para o seguimento dos proxectos aprobados e do efectivo cumprimento das obrigas e compromisos do beneficiario fixados neste prego, e ás de comprobación material e control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, da Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF) ou da Fiscalía Europea e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Consello, do 17 de decembro de 2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo ou, se é o caso, ás actuacións de control previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para o financiamento con fondos do PRTR, o órgano de contratación aplicará medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr os conflitos de intereses e o dobre financiamento, e serán actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación do risco de fraude, a tramitación da declaración de ausencia de conflito de intereses e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses. Para estes efectos resultará de aplicación o previsto na cláusula 7.1. deste prego e no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, así como no plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería respectiva.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da comunidade autónoma a través da canle prevista no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, accesible dende o Portal de Transparencia e Goberno aberto ou mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia.

## **ANEXOS**

**Anexo I.** Declaración complementaria ao DEUC.

**Anexo II.** Concreción das condicións de solvencia (arquivo electrónico A).

**Anexo III.** Modelo de proposición relativa a criterios avaliados de forma automática (arquivo electrónico C).

**Anexo IV.** Modelo de declaración responsable sobre a inscrición en rexistros de licitadores e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados.

**Anexo V.** Datos para a facturación electrónica.

**Anexo VI.** Modelo de relación na que se indique a prioridade dos lotes para os que se formula oferta, de ser o caso.

**Anexo VII.** Modelo de compromiso para a integración da solvencia con medios externos.

**Anexo VIII.** Modelo de declaración específica para contratos financiados con cargo ao Plan Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)

## ANEXO I: DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

### DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome: \_\_\_\_\_ Apelidos: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo para os efectos de notificación:

**Domicilio fiscal:**

### No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil que representa:

NIF: \_\_\_\_\_ Cargo: \_\_\_\_\_

**Domicilio fiscal:**

#### 1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que nin o asinante da declaración nin a entidade que represento nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incurso en ningún suposto a que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou de administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.
- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil que represento (consignar o que proceda):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no cal concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.
- Pertence ao grupo de empresas ..... ou está integrada por algún socio no cal concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
  - a) .....
  - b) .....
  - c).....
- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, a entidade que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificación, o nome e os apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.
- Que a condición da miña empresa é :
  - PEME
  - NON PEME

(Para os efectos de cubrir este apartado, considérase PEME a empresa que ocupa menos de 250 persoas e cun volume de negocio anual que non excede de 50 millóns de euros o cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros).

- Que a entidade á que represento asume a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano de contratación os casos de sospeita de fraude.
- Que a entidade á que represento manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas co obxecto do contrato, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con este tipo de fondos de recuperación.
- Que se conservará toda a documentación relativa á actividade obxecto deste contrato segundo o establecido nos regulamentos de aplicación aos fondos que financian a axuda concedida durante un prazo mínimo de cinco anos a partir da recepción do último pagamento. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 €.

- Que a actividade obxecto deste contrato non causa un prexuízo significativo ("*do no significant harm*") aos obxectivos ambientais nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 e restante normativa de aplicación.

## 2. DATOS PARA O EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

Coa finalidade de recibir avisos de posta á disposición da notificación realizada a través do sistema Notific@, facilito os seguintes medios (campos obrigatorios):

correo electrónico: \_\_\_\_\_

teléfono móbil: \_\_\_\_\_

## 3. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP, declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....  
.....  
.....

Motivación:

*(As declaracións de confidencialidade que non se motiven ou que consistan nunha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a oferta non serán admisibles e vinculantes para o órgano de contratación, que quedará exonerado de responsabilidade pola ocasional difusión da información á que se refira a declaración non motivada.)*

## 4. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado mediante a Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179, do 19 de setembro de 2014).

## 5. COMPROBACIÓN DE DATOS

<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>  a) A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
NIF da persoa física ou xurídica	o Si
NIF da/s persoa/s representante/s	o Si
Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT	o Si
Certificado de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social	o Si
Certificado da AEAT de alta (pagamento/exención) no imposto de actividades económicas (IAE)	o Si
Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE) da persoa traballadora autónoma solicitante	o Si
Certificado de títulos académicos do/a licitador/a ou das persoas que integran o equipo	o Si
A cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que resulte de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	o Si

## 6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

- Non achego documentación de desempate.
- Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate:

....

....

## 7. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (só para empresarios estranxeiros)

- Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se for o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que me poida corresponder.

En ....., o ... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

**ANEXO II: CONCRECIÓN DAS CONDICIÓNNS DE SOLVENCIA (incluír no arquivo electrónico A)****DATOS DO DECLARANTE**

Nome: \_\_\_\_\_ Apellidos: \_\_\_\_\_ NIF:  
\_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ Correo electrónico:  
\_\_\_\_\_

Enderezo para efectos de práctica de notificacións: -  
\_\_\_\_\_

(no caso de actuar en representación:)

Entidade \_\_\_\_\_ mercantil \_\_\_\_\_ que \_\_\_\_\_ represento:

NIF: \_\_\_\_\_ Cargo:  
\_\_\_\_\_

Segundo o indicado na letra E do cadro de características,

- Achego especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación.

**POSTO QUE DESEMPEÑARÁ:**

**NOME E APELIDOS:**

**TITULACIÓN:**

**OBRA NA QUE PARTICIPOU O TÉCNICO PROPOSTO EN CUMPRIMENTO DO INDICADO NO APARTADO E DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS:**

Nome da obra:

Promotor:

Posto desempeñado:

Período de construción (data inicio/data fin):

Orzamento de contrata da obra proxectada (IVE excluído):

- Comprométome a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais indicados a continuación; este compromiso terá o carácter de obrigaón esencial para os efectos previstos no artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En \_\_\_\_\_, o ... de \_\_\_\_\_ de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

### ANEXO III: PROPOSICIÓN REFERIDA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (incluír no arquivo electrónico C)

Número de expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: \_\_\_ / \_\_\_ / \_\_\_\_\_

#### DATOS DO DECLARANTE

Nome: \_\_\_\_\_ Apellidos: \_\_\_\_\_ NIF:

\_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ Correo electrónico:

\_\_\_\_\_

Enderezo para efectos de práctica de notificacións:

\_\_\_\_\_

(no caso de actuar en representación:)

Entidade \_\_\_\_\_ mercantil \_\_\_\_\_ que \_\_\_\_\_ representa:

\_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ Cargo:

\_\_\_\_\_

#### MANIFESTO

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

#### 1. Oferta económica (O importe debe expresarse claramente en números e letras)

- Importe neto: \_\_\_\_\_ €

- IVE (\_\_\_ %): \_\_\_\_\_ €

- Total: \_\_\_\_\_ €

## 2. Proposición referida a outros criterios


Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP

....., o .....de.....de.....

(Sinatura e selo do licitador)

## ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INSCRIPCIÓN EN REGISTROS DE LICITADORES E DE NON VARIACIÓN DOS DATOS REFLECTIDOS NOS SEUS CERTIFICADOS

Número de expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: \_\_\_ / \_\_\_ / \_\_\_\_\_

### DATOS DO DECLARANTE

Nome: \_\_\_\_\_ Apelidos: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo para efectos de práctica de notificacións:

\_\_\_\_\_

(no caso de actuar en representación:)

Entidade mercantil que represento:

\_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ Cargo:

\_\_\_\_\_

### DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade se encontra inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos exixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. \_\_\_\_\_).

Sinatura e selo:

## **ANEXO V: DATOS DA FACTURACIÓN ELECTRÓNICA**

**CONSELLERÍA:**

**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

**UNIDADE DE CONTRATACIÓN:**

**DESTINATARIO:**

**CIF:**

**CÓDIGO INTERNO SEF:**

**CÓDIGOS DIR3:**

**CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE:**

**CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR:**

**CÓDIGO DA UNIDADE TRAMITADORA:**

**ENDEREZO DA UNIDADE TRAMITADORA:**

**PUNTO DE ENTRADA AUTOMATIZADA DE DATOS (FACe):**

<http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

**ANEXO VI: RELACIÓN DE PRIORIDADE DOS LOTES PARA OS QUE SE FORMULA OFERTA**

(presentar no arquivo electrónico A o sobre A, de ser o caso)

Nome .....,con domicilio social en .....,  
provincia de ..... , rúa ....., número ..... e DNI número  
....., en nome (propio), (ou da empresa que representa)  
..... e CIF ....., informado/a do anuncio publicado o día ..... de  
..... de ..... e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos  
traballos de ....., sinalo a seguinte relación de prioridade para  
os efectos de adxudicación dos lotes que correspondan entre todos para os que,  
individual ou conxuntamente con outras empresas, formulo oferta:

<b>ORDE DE PRIORIDADE DE ADXUDICACIÓN</b>	<b>DENOMINACIÓN DO LOTE</b>
1º	
2º	
.....	

\*Nota: cubrirase o cadro de prioridade de lotes ata o número de orde igual ao número de lotes aos que se presente cada licitador.

Lugar, data e sinatura

## ANEXO VII: MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS

(Unha declaración por cada entidade que pon á disposición do licitador a súa solvencia ou medios)

Co obxecto de participar no procedemento para a contratación da obra \_\_\_\_\_, Código de expediente: \_\_\_\_\_, convocada pola \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_, co DNI número \_\_\_\_\_, en nome e representación da entidade que licita no devandito procedemento \_\_\_\_\_, co NIF \_\_\_\_\_,

E

Nome \_\_\_\_\_, co DNI número \_\_\_\_\_, en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_, co NIF \_\_\_\_\_

De conformidade co disposto no artigo 75 da LCSP e no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe nesta contratación,

### COMPROMÉTENSE A

- A entidade \_\_\_\_\_ (*que dispón da solvencia ou dos medios*) pon á disposición da entidade \_\_\_\_\_ (*que licita ao presente procedemento*) a seguinte solvencia ou medios:

.....

.....

- Durante toda a execución do contrato dispoñerán efectivamente da solvencia ou dos medios que se describen neste compromiso.
- A disposición efectiva da solvencia ou dos medios descritos non está sometida a condición ou a limitación ningunha.
- A entidade que pon á disposición da entidade licitadora a solvencia ou os medios requiridos asume a responsabilidade solidaria polas obrigas e responsabilidades derivadas do contrato para a empresa contratista.

En \_\_\_\_\_, o ... de \_\_\_\_\_ de 202...

Sinatura do licitador.

Sinatura da outra entidade

## ANEXO VIII: MODELO DE DECLARACIÓN ESPECÍFICA PARA CONTRATOS FINANCIADOS CON CARGO AO PLAN RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

### DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome: \_\_\_\_\_ Apelidos: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo para os efectos de notificación: \_\_\_\_\_

### Domicilio fiscal

### No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil que representa: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ Cargo: \_\_\_\_\_

### Domicilio fiscal:

DECLARO:

- Na condición de licitador dun contrato financiado con recursos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) que participa no desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na Compoñente que se indica no apartado seguinte, manifesto, no caso de resultar adxudicatario, o compromiso cos estándares máis esixentes en relación ao cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para prever e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, e comunicarei, se é o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

DATOS DA LIÑA DE ACCIÓN (ACTUACIÓN/ACTIVIDADE/TAREFA)			
IDENTIFICADOR	DESCRICIÓN		
DATOS DO SUBPROXECTO			
COMPOÑENTE	MEDIDA	CONTRIBUCIÓN Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA	CONTRIBUCIÓN Á TRANSICIÓN DIXITAL
LOCALIZADOR	NOME		
DESCRICIÓN			

- Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, declaro o compromiso de respectar os principios de economía circular e evitar os impactos negativos no medio ambiente (“DNSH” polas súas siglas en inglés “*do no significant harm*”) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesto que non incorre un dobre financiamento.

Así mesmo, co obxecto de facilitar as actuacións de xestión, seguimento e control do PRTR,

AUTORIZO:

1. A consulta ao Rexistro de Titularidades Reais creado pola Orde JUS/319/2018, que cederá información ao Sistema de Fondos Europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación e a outras bases de datos administrativas que informen sobre titularidades reais, que cederán información ao Sistema de Fondos Europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

2. A cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que resulte de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Lugar, data e sinatura